

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e dous de febreiro de dous mil dezanove, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar a sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG - PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG; e don Francisco José Fraga Civeira, como deputado non adscrito.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Está ausente a deputada dona Isabel Gil Álvarez (do Grupo Socialista), da que escusa a súa ausencia a voceira do Grupo Socialista, dona Elvira Lama Fernández, por un asunto familiar grave.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: [videoacta.depourense.es](http://videoacta.depourense.es)

### **1º.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE XANEIRO DE 2019.-**

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión ordinaria do días 25 de xaneiro de 2019, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do días 25 de xaneiro de 2019, é aprobada por unanimidade.

O Sr. Presidente cédelle a palabra a **D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista.**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Bo día. En nome do Partido Socialista quería desculpar a ausencia de Isabel Gil; por motivos estritamente familiares, non pode acudir hoxe a este Plenario. Paréceme que non o comunicou, pero, *bueno*, ten un tema familiar grave que lle impide estar hoxe aquí. Grazas

**2º.- DACIÓN DE CONTA DA BAIXA DO DEPUTADO DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA COMO MEMBRO DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA.-**

O Sr. presidente dá conta do escrito presentado polo deputado D. Francisco José Fraga Civeira no que comunica a súa baixa como membro do Grupo Provincial Socialista e o paso á condición de deputado non adscrito desta Corporación, e cédelle a palabra ao Sr. secretario, que dá lectura ao seguinte escrito:

*Con data 19 de febreiro de 2019, o deputado provincial don Francisco José Fraga Civeira presentou un escrito comunicando a súa baixa como deputado do Grupo Socialista e o paso á condición de deputado non adscrito desta Corporación.*

*De conformidade co establecido no artigo 25 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia debe dar conta ao Pleno, na primeira sesión que celebre, da constitución dos grupos e dos seus integrantes e portavoces. Loxicamente, cabe entender que esta obriga se estende tamén ás modificacións que poidan experimentar na súa composición os grupos políticos ao longo do mandato.*

*Polo exposto, comunícase ao Pleno da Corporación a modificación referenciada, informando ademais que, á vista da condición de deputado non adscrito que adquire o interesado, seralle de aplicación á súa actuación corporativa o réxime propio da dita condición conforme coa lexislación vixente e a xurisprudencia do Tribunal Constitucional.*

Os membros da Corporación Provincial quedan informados.

**3º.- RENUNCIA DE DONA MONTSERRAT LAMA NOVOA AO CARGO DE DEPUTADA PROVINCIAL.-**

O Sr. presidente somete a votación a urxencia desta proposta, que é admitida por unanimidade, e cédelle a palabra ao Sr. secretario para proceder ao seu tratamento.

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia, co seguinte contido:

*A deputada provincial dona Montserrat Lama Novoa presenta escrito con data 20 de*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

*febreiro de 2019, no que solicita que se teña por formalizada a súa renuncia á condición de deputada provincial, en representación do Grupo Popular polo Distrito Xudicial de Ourense.*

*De conformidade co artigo 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a renuncia debe facerse efectiva por escrito ante o Pleno, tendo a toma de razón da renuncia polo dito órgano a condición dun requisito de eficacia.*

*A Xunta Electoral Central, no seu acordo de 19 de xullo de 1996 sostén que pola súa propia natureza a renuncia do cargo electo debe figurar como primeiro punto da orde do día.*

*Dado que a renuncia se produciu con posterioridade á convocatoria do Pleno ordinario do mes de febreiro estímase xustifico o seu tratamento mediante moción de urxencia no dito Pleno. Así mesmo, e tendo en conta a interpretación da Xunta Electoral Central referida, estímase procedente o tratamento desta cuestión ao inicio da sesión, sen esperar ao momento de tramitación das mocións de urxencia ordinarias, aplicando por analogía o disposto no artigo 91.3 do ROF.*

*Polo exposto, esta Presidencia propón que, previa declaración da urxencia do asunto, o Pleno adopte o seguinte acordo:*

*1º) Tomar razón da renuncia da deputada provincial dona Montserrat Lama Novoa, deixándose constancia dela.*

*2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a designación de suplente para a toma de posesión na próxima sesión.*

*Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), de Democracia Ourensana (2) e do deputado non adscrito (1) e a abstención do Grupo Socialista (6) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:*

*1º) Tomar razón da renuncia da deputada provincial dona Montserrat Lama Novoa, deixándose constancia dela.*

*2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a designación de suplente para a toma de posesión na próxima sesión.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

**4º.- REVOGACIÓN DA DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADATORIA DO IVTM DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO E ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DA RECADACIÓN EXECUTIVA DESTE IMPOSTO.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Bo día a todas e a todos. Simplemente para anunciar que a nosa postura, neste punto da orde do día, vai a ser a abstención. Nada máis. Moitas grazas

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (6), de Democracia Ourensana (2), do BNG (1) e do deputado non adscrito (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a revogación da delegación da xestión tributaria e recadatoria do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica do Concello de Xunqueira de Espadanedo efectuada mediante acordo plenario de data 21 de xaneiro de 2019.

Segundo.- Aceptar a delegación de competencia efectuada polo Concello de Xunqueira de Espadanedo a favor da Deputación Provincial, mediante acordo de 21 de xaneiro de 2019, para a recadación executiva do imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM) do Concello de Xunqueira de Espadanedo.

O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constringimento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.

Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

A presente delegación estará vixente ata o 31 de decembro de 2023, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

**5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DAS COMPETENCIAS MUNICIPAIS DE XESTIÓN RECADATORIA EN VÍA EXECUTIVA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) DO CONCELLO DE BALTAR**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** neste punto tamén optaremos pola abstención. Grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (6), de Democracia Ourense (2), do BNG (1) e do deputado non adscrito (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencia efectuada polo Concello de Baltar a favor da Deputación Provincial, mediante acordo de 27 de decembro de 2017, para a recadación executiva do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO) do Concello de Baltar, nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Baltar, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.

b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.

c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense.

A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

**6º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN N.º 1/2019 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO INORDE PARA O EXERCICIO 2019.-**

A Sra. Interventora explica brevemente o contido da proposta de acordo ditaminada de xeito favorable pola comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Simplemente para dicir que é ben coñecida cal é a postura do BNG ao respecto desta institución, do INORDE, e en consecuencia co que levamos feito historicamente e coa nosa postura tamén á hora de votar os orzamentos do organismo e desta propia Deputación, pois, loxicamente, nós vamos a votar en contra deste expediente de modificación. Nada máis, grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** hola, buenos días a todos. De la marcha de Montse Lama simplemente decir que, si se va para Ciudadanos, esperemos que si Ciudadanos al final consigue un diputado en la Diputación en las elecciones municipales, si lo consigue, esperemos que no sea para apoyar al Partido Popular. Desde luego, esperemos que no sea así, porque si no flaco favor va a hacer. Si resulta que Ciudadanos le resta un diputado al PP, pero luego lo va a apoyar para mantener a ese señor; pues sería realmente un desastre votar a Ciudadanos. Ella dice que no, que obviamente si va para Ciudadanos, que el voto no será para ese señor. Y respecto a unas declaraciones, que siempre ocurre, de la gente que se va del Partido Popular y eso, que dicen que es una dictadura. Simplemente decir, en este caso, que me llama la atención que se queja, dice que es una dictadura. Montse Lama se quejaba de que era una dictadura del PP de cómo hacían las listas, pero cuando la pusieron a ella no se quejó de esa dictadura, ¿no? Es curioso. Bueno, pues respecto a este tema, decir que llama la atención, obviamente, lo que vemos aquí, si me lo puede explicar la persona que luego hable; porque resulta que se va hacer una modificación de crédito y se le quiere dar dinero, como siempre las típicas subvenciones a los amiguetes. Y en este caso yo, la verdad, que me llama la atención lo siguiente. Se le van a dar 66.000 € a una asociación de gastronomía que se acaba de lanzar. Yo hace poco estuve en el País Vasco y me llevaron a una asociación gastronómica en la que me contaban como eran todos los gastos, el local era privado, llevaban contabilizado todo, todo, cada cosa y resulta que aquí se monta una historia con dinero público y *¡por favor, que traigan otra ración de gambas!* Y así funciona el tema. Entonces, me llama la atención porque este nombre tiene que ser de José Manuel Baltar; yo no creo que esta historia venga de otra persona que no sea José Manuel Baltar. Atención. 60.000 € Consello Reitor do INORDE para o Encontro Bioceánico, bioceánico, Nunca vi una historia así. Iso se ve que veñen de dous océanos, entón póñenlle bioceánico. Bueno, ya, vamos, la película de *Transformers* se queda corta aquí. Estas historias, esto es José Manuel Baltar; tiene el sello de José Manuel Baltar. Si hay que crear nombres estrambóticos, *you are the man*, este es el hombre, este es el hombre. Entonces, por favor, explicadme esto, 66.000€ para unas personas, que son de una asociación gastronómica, 12 cocineros que van a llevar las paparotas a otro nivel y se le llama Encontro Bioceánico. Por favor, explíquenme de qué va esto que yo me apunto.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Bos días a todos e a todas de novo. Efectivamente, é un expediente de modificación de crédito dos orzamentos do INORDE para o exercicio 2019. Como ben acaba de referir a señora interventora é unha subvención nominativa á Asociación de Cociñeiros de Ourense con dúas finalidades: 36.000€ para ese encontro - como acaba de citar o anterior portavoz do Grupo de Democracia Ourensana - 36.000€ como digo, para ese Encontro Bioceánico Gastronómico ENBHIGA 2019, e 30.000€ para actividades de promoción da gastronomía local. Pois ben, este asunto que foi tratado na comisión informativa correspondente a preguntas do Grupo Socialista na comisión responderon que ese Encontro Bioceánico é un evento gastronómico internacional que se celebrou hai dous anos en Arxentina e Uruguai; o pasado ano en Costa Rica e que este ano se prevé realizar en Ourense. Que lotería! En canto á outra subvención, trátase de financiar actividades de promoción, dinamización e apoio á gastronomía local. Iso é o que din. Pois ben, o apoio ao Encontro Bioceánico Gastronómico e á Asociación de Cociñeiros para promover a gastronomía, por moi respectable que sexa á Asociación e tamén o Encontro Bioceánico Gastronómico, hai que valorar profundamente señores deputados e deputadas que son 66.000 € Polo tanto, dunha cantidade de fondos do INORDE importante. Máis que unha acción planificada para promover a gastronomía da provincia, da nosa provincia, con numerosas razas autóctonas en vacún e outras excelencias e potencialidades gastronómicas que sería o que debería facer o INORDE, parece que se está a pagar unha foto máis do señor presidente. Home, señor presidente, xa podería ir baixando o prezo das fotos porque nos están saíndo nun pico bastante importante! Cremos que promover a gastronomía da provincia e as súas variedades e as súas riquezas e potenciar como recurso turístico a marca da provincia de Ourense, ten moitas tarefas por desenvolver e non se fai só cun Encontro Bioceánico. Ao mellor, señor presidente, sería moito máis rendible axudar a calquera promotor que queira poñer, ou que queira implantar un restaurante, ou un negocio de hostalería nun punto da nosa provincia con excelente potencial turístico, alí onde a iniciativa privada non vai e, por exemplo, axudar á sinalización dese lugar, mellorar as instalacións, as infraestruturas para chegar alí, deseñar alternativas de ocio en zonas como poden ser os parques naturais – que temos varios - ou incluso en pobos atractivos que tamén temos varios. En todo caso, queremos manifestar dende o Grupo Socialista o noso respecto á Asociación de Cociñeiros, como non pode ser



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

doutro xeito; pero esixir do presidente e desta casa que as actuacións que se financien con diñeiro público sirvan para axudara crear emprego, para crear un atractivo máis en espazos con infinitas potencialidades turísticas e para axudar a emprendedores, que seguro que os hai, en zonas onde aquela iniciativa privada ten máis dificultades para desenvolverse; ben porque son pobos pequenos ou porque son proxectos que, aínda sendo interesantes, teñen dificultades para a súa implantación. E por outro lado, señor presidente, dende o Grupo Socialista, debería vostede esixir dende a Xunta de Galicia que, a parte de vir como convidados a Xantar e a outras convocatorias para pasearse por Ourense e para que se lles vexa, que veñan con medidas de apoio para esta provincia a todos aqueles e aquelas emprendedores e emprendedoras que queiran poñer en marcha proxectos de restauración e hostalaría en pequenos lugares, repito, en espazos de interese turístico desta provincia que ten, e moitos, e sobre todo que os encontros gastronómicos se leven a cabo para implantar e fixar poboación no rural porque, senón, estamos a ver unha foto máis do presidente cunha serie de cocineiros de elite, como estamos a ver eses programas de *reality show* nas distintas canles de televisión, exportables para todo o mundo, pero que non contribúen para nada nin a fixar poboación, ni a desenvolver esta provincia como se merece. Polo tanto, o noso voto vai ser en contra.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular:** grazas presidente. Moi bo día distinguidas señoras e señores deputadas, deputados; medios de comunicación e información gráficos e escritos, televisión, radio. Grazas pola presenza de todos vostede aquí, como o público que nos sigue directa ou indirectamente. Señora Lama, non sei a que presidente se dirixía vostede. En todo caso, *hombre*, o presidente da Deputación pouca culpa ten neste caso, a non ser que vostede o queira culpar sempre, ata da morte de Manolete. En todo caso, tomo que ao presidente a quen se dirixía era eu que son o presidente do INORDE, polo menos ata este momento. Mire, primeiro, ten un erro, a Deputación non é convidada a Xantar. A Deputación forma parte do Padroado, polo tanto ten que ir a Xantar. Polo tanto, de convidados, mire, eu estou convidado hoxe a tres comidas e só vou a ir a unha, porque teño que ir e non é precisamente á que estou convidado; senón porque teño que ir por obriga, verdade señor Plácido? Xa lle dixen que me convidan e non lle poden ir. *Bueno*, entón, por favor, precise ben. O afán das cousas máis claras debe ser pausado e repousado e saber do que se fala, señora Lama. Mire, aquí tráese,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

como é preceptivo trala aprobación do Consello Reitor do INORDE, o expediente de modificación de 1/2019, e traémolo a Pleno por cuestións legais. Falaba vostede de cociñeiros e pon todo no mesmo saco. Non. Precisemos. Non confundamos. Primeiro, hai unha subvención á Cociña Ourense que é unha entidade formada por chefs de toda a provincia que dende a Deputación se pretende aprobar - neste caso, con 30.000€- para a organización de diferentes actividades gastronómicas na provincia e en toda España para exaltar, dinamizar, os produtos autóctonos dos que dispomos. Trátase, pois, de potenciar a nosa gastronomía e apoiar o tecido produtivo, o sector servizos, e así potenciar a provincia de Ourense como destino turístico no que estamos ademais inmersos dende este mandato e dende o anterior tamén. En segundo lugar a ENBHIGA, 36.000€ a esta asociación, tamén da cociña de Ourense, para organizar, posiblemente en outubro, o terceiro encontro, si, bioceánico, e despois explícollo, gastronómico 2019 con múltiples países, con varios países que visitarán a provincia. todo coa idea de reforzar o atractivo turístico da provincia. E efectivamente, non trate vostede despectivamente, o primeiro encontro foi en Arxentina - Uruguai, o segundo en Costa Rica e agora en Ourense. En fin, dámosllo a unha asociación co obxectivo de defender o compromiso coa terra, cos produtos autónomos e coas excelencias de Ourense, excelencias enogastronómicas de primeiro nivel. Pero estes produtos e excelencias temos que polas en valor, non basta con telas na terra, telas en Ourense, polas en valor, porque a gastronomía é un dos motores económicos da provincia. Non sendo que vostedes segan co dito: canto peor, mellor; mellor para vostedes pero non mellor para o interese xeral. Mire, culpa ao presidente – por iso dixen o de Manolete - dirixíndose a el do tema bioceánico gastronómico; é que vostedes non están moi *enterados*. Se vostede vai a unha das mellores, ou unha das mellores revistas de gastronomía do país (e cando falo de país, falo de España), *Noticias Gourmet*, díllome moi claro, e non culpe ao presidente que fixo iso: *las ciudades españolas de Orense, en Galicia y León, en Castilla y León, serán las próximas sedes de la ruta gastronómica internacional Encuentro Bioceánico gastronómico ENBHIGA, informaron recientemente los organizadores*. Sae na revista *Noticias Gourmet*, non lle bote a culpa que é un titular do presidente. Decátese primeiro do que se trata, non lle puxemos nós o nome, e un nome internacional: Bioceánico Gastronómico. Parece que ao de Ribadavia non lle gusta; non lle podo dar azucre. Nada máis e moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** hola. Yo pensé que iba a hablar Plácido, pero habló la otra persona. A Plácido le dije el otro día, cariñosamente, que se parecía muchísimo al de la película, al alcaide de la película *Cadena perpetua*, es idéntico al....¡podría ser tu hermano! Y, sin embargo, habló el otro; habló el Rosendo que me hace gracia – te voy a echar un piropo que te echaron, Rosendo - estuviste al parecer en Madrid, en FITUR, ¿no estuviste en FITUR? ¿Fuiste o no fuiste a FITUR? Porque me dijeron: *oye, está aquí* – me dijo una persona - *está aquí este de la Diputación que se sienta al lado de Baltar, este que tiene el pelo blanco muy bonito. Xa lle botaron un piropo de carallo!* Bueno, pues vamos a ver, desde luego, si el nombre no es de Baltar, no lo inventó él, solo compra cosas que tengan nombres estrambóticos. Entonces me llama la atención, primero, si es bioceánico, debería ser por lo menos de dos océanos y aquí estáis diciendo que va a venir gente de Costa Rica, de Uruguay, Argentina y España; ahí no hay bioceánico por ningún lado. Entonces, tendrá que llamarle mono-océánico. Entonces esta subvención debería llevar el nombre de mono-océánico, pero no bioceánico porque no son dos océanos; solamente es el océano atlántico. Entonces, decir, primero, justificas un gasto de este tipo porque sale una frase en una revista. Pero, macho ¿tú te das cuenta que con 36.000 € puedes comprar portadas en varias revistas o contraportadas que darían mucha más publicidad que una línea que no lee nadie? Esto me recuerda a Magdalena del Amo, una vez que también tenía aquí una revista que le patrocinaba la Diputación, entonces le decía un día a Baltar: *es que señor Baltar, esto es impresionante; puse aquí el e-mail de la revista y ya me mandaron un e-mail de Vancouver.* O sea, ya justifica el gasto porque ya recibí un e-mail de Vancouver, ¿mire hasta dónde hemos llegado? O sea, es algo que es realmente absurdo. Entonces, me hace gracia porque, en todo este tema, habláis de la promoción siempre originando gastos; o sea, un gasto realmente bestial que al final no se compensa porque Orense sigue siendo la última. En tema de Xantar que mencionasteis antes a mí me parece una tomadura de pelo. Primero, Xantar de Expourense dice lo siguiente: es la única feria de este tipo gastronómica de España. ¡Claro! En ninguna otra provincia le permiten que se haga competencia a la hostelería local como hace Xantar. Xantar vacía los restaurantes esa semana y resulta que casi todos los clientes son de Orense, porque si viniera gente de fuera de Orense lo puedes justificar. Pero si son clientes de Orense, es decir, estás cogiendo ese mercado que ya hay, la tarta, y te la llevas tú; vacías los

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

restaurantes de Orense chupando dinero público. Y luego está la mentira de Xantar que hemos descubierto en Democracia Orensana. Dice que tuvo 24.000 visitantes; eso es totalmente imposible porque significaría que serían 5.000 al día, es decir, el Paco Paz lleno de gente. ¿El Paco Paz lleno de gente va a Xantar? Hombre, vosotros lo sabéis por la cena de Cabezas. A la cena de Cabezas fueron 1.700 personas y no había stands, eran todo mesas seguidas, la gente apelotonada comiendo y eran 1.700; con lo cual, un día de Xantar no pasa de 1.000 personas. Non son 5.000, 1.000. Es una estafa, todo lo que hacéis es una estafa, gastos estrambóticos y, desde luego, me quedo con el nombre porque realmente es muy bonito. Y si os gusta tanto lo bioceánico, creo que tendría mucha más repercusión, y saldría más en las noticias, si hacéis en Orense un encuentro bioceánico de caciques; eso sería bonito. Primer encuentro bioceánico de caciques.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. primeiro responderlle ao señor vicepresidente, presidente do INORDE; efectivamente, sabemos que vostede o é. Referíame, na miña intervención, ao presidente da Deputación porque é o presidente da Deputación o que sae na foto con esa asociación de cociñeiros, señor Rosendo no se ofenda. Pero mire, de momento, vaia pedindo vez porque me parece que o que máis sae nas fotos, o que sae nas fotos habitualmente é o presidente da Deputación. Polo tanto, dito isto, nós xa temos criticado dabondo para qué serve e o gasto que orixina esa entidade que, por certo, depende da Deputación Provincial: o INORDE. Dicirle, de seguido, que, ¡home! a Xantar fun fai moitísimos anos - cando ao mellor empezaba Xantar - fun con posterioridade e tamén lle recomendo unha cousa, cando veñen os da Xunta veñen invitados; veñen a facerse a foto con vostedes na inauguración e a algún xantar onde estean convidados. Dito isto, fala tamén de que esa Asociación é unha asociación de chefs de toda a provincia, actividades gastronómicas para potenciar a nosa gastronomía e a provincia de Ourense como destino turístico. Mire, na miña intervención fixen referencia a que eses chefs ao mellor non necesitan ese apoio e ese impulso. Ao mellor quen necesita ese apoio e impulso é aquel pequeno empresario que está no último pobo da provincia, ao carón dun parque como pode ser o Xurés, alí no concello de Muíños, a ese pequeno empresario é ao que ten que apoiar esta Deputación provincial, por ser un concello pequeno, por ser un concello afastado da capitalidade e por ser un concello, ao mellor, con moita riqueza patrimonial e turística ligada tamén á gastronomía. E por certo,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

tamén lle vou a dicir unha cousa. Sobre gastronomía e hostalería non me vén a falar a min, precisamente que teño nas miñas costas 35 anos de traballo no ramo; porque a miña familia dedicouse a esa tarefa durante 35 anos. Polo tanto, leccións sobre gastronomía, defensa do patrimonio e da riqueza dos nosos produtos, toda, señor presidente do INORDE e señor presidente da Deputación. Pero defensa dese patrimonio e desa gastronomía, sobre todo axudando aos pequenos que son os que necesitan axuda; porque os grandes chefs que aparecen nesas revistas gastronómicas que acaba de citar, como *Noticias Gourmet*, seguramente non precisan da súa axuda, non precisan acudir a ningún encontro. O que precisamos potenciar é a pequena empresa, a ese empresario, a esa familia de emprendedores que están en calquera lugar da provincia e que se dedican á honorable tarefa do servizo da hostalaría para sacar adiante o seu negocio e, por certo, fixar poboación no rural que diso se trata. Vostedes están para apoiar e colaborar cos concellos pequenos. Vólvollo a repetir, para que queremos un encontro na cidade? Un encontro bioceánico que vai a durar uns cantos días e se acabou e gastamos, pois iso, 66.000 € Home, está moi ben; pero recórdolle que non son os cartos de vostede, como presidente do INORDE, nin do señor presidente da Deputación, son os cartos de todos os ourensáns. Polo tanto, cando manexen fondos públicos, dedíquense a potenciar a quen o necesite e non, xustamente, a quen menos o precisa. Que ese que teñen *estrellas Michelin* nos seus restaurantes, nos seus negocios –con todos os respectos - xa lles vai moi ben para que teñan que axudalos vostedes aínda máis. Polo tanto, votamos en contra.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular:** grazas señor presidente. Señora Lama, cando se quere facer demagogia, todos os argumentos son bos. Aquí estamos cun tema e me vén falando vostede de pequenos empresarios; que ten que ver unha cousa coa outra? Efectivamente que están ligados os pequenos empresarios, que poden formar parte da dinamización e exportación dos nosos produtos; pero nós queremos facer promoción a nivel nacional e internacional que é o que estamos falando. Estamos falando de subvencións – e non meta todo no mesmo saco - de 36.000€ a ENBHIGA e 30.000 para a Cociña Ourense. *Bien*. Entón apartémolos. Outra precisión. A Xunta tamén forma parte do Padroado e cando era o goberno do bipartito, vostedes ben que viñan tamén! Temos fotos e non hai que recordar tanto que viñan tamén, non faltaban á cita. O que pasa é que vostedes ven comida e pensan que somos *comilóns*, que non temos que comer na casa e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

que vamos alí a comer. E eu téñolle dito moitas veces aos compañeiros: canto daría por non ir comer a unha comida dese tipo! Porque ademais tes que estar, non estás como cando estás cos amigos ou como cando estás na casa, non estás coa mesma liberdade. Polo tanto, un que xa empeza a ter anos, cando vaia a unha comida institucional sexa Xantar ou outro sitio, non se crea vostede que vai cómodo e que vai por comer, vai porque ten que ir. Pero vostede quer facer ver á concorrencia que nos está vendo que vamos por comer. Xa lle direi que moitas veces eu digo, a ver se pode ir fulano, se pode ir o señor ou a señora porque eu non teño moitas ganas de ir. O pequeno empresario pode facer moito e claro que fai e hai que axudarlle, pero para dinamizar, para exaltar os produtos nosos, autóctonos, a nivel internacional non ten capacidade; polo tanto está facendo vostede demagogia. Porque non, porque o pequeno empresario que pon vostede de exemplo que está illado da capital, claro que pode facer nese lugar, pero non a nivel internacional. Así deles? *Bueno*, pois nós cremos que da outra maneira, a nivel nacional e internacional, aínda recoñecendo ao pequeno empresario de gastronomía que está espallado pola xeografía provincial. Polo tanto, o que quede claro é que o que nós queremos, a nivel internacional, é promocionar o nos produto e o destino e a marca turística e gastronómica da provincia de Ourense. Todo o que se diga despois, pode gustar ou non gustar. En todo caso, cando hai que pór exemplos do que pode facer un e do que pode facer outro é escaparse do obxectivo final, cal é o que lle acabo de dicir. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e o voto en contra do Grupo Socialista (6), de Democracia Ourensana (2), do BNG (1) e do deputado non adscrito (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación 1/2019 das bases de execución do orzamento do INORDE para o exercicio 2019, co seguinte detalle:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación de cociñeiros de	Organización do Encontro	36.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

Ourense	Bioceánico ENBHIGA 2019	Gastronómico	
Asociación de cociñeiros de Ourense	Actividades de promoción da gastronomía local		30.000,00 €
<b>Total</b>			<b>66.000,00 €</b>

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177,2 do mesmo texto legal, o expediente seralle exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**7º.- CESIÓN Á XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, DO USO DAS INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE PROVINCIAL DO IES DE VILAMARÍN.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Esta cesión xa data do ano 88, no que a Consellería de Educación e o goberno provincial subscribiron un convenio que duraba estes 30 anos. Nós entendemos que, logo do contencioso que formulou entre a Deputación e a Xunta para o traspaso do persoal que, ata fai pouco, costeaba esta casa, esta cuestión está resolta e que a Deputación non asume nada máis que a cesión do inmovible. Lembrar, unha vez máis, que nós estamos a favor de que a Xunta asuma integramente todas aquelas cuestións que son da súa competencia e o ensino, dende logo, é unha delas. Polo tanto vamos a votar a favor desta cesión. Moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** estamos a falar dun tema de educación. Está claro que o centro está xogando un papel importante no tema educativo, no caso da formación profesional. E dende logo, como non pode ser doutro xeito, se nalgún asunto hai que cooperar entre as Administracións, neste é fundamental, no tema da educación.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

Paréceme extraordinario que este centro, que funciona tan ben, que siga funcionando e, como non pode ser doutro xeito, a Deputación considere oportuno ceder por 30 anos máis porque, dende logo, é un referente e nivel de organización en materia de hostalería e en todo aquilo que se desenvolve no centro educativo. Polo tanto, parécenos extraordinario, como non pode ser doutro xeito, esta cesión.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), do Grupo Socialista (6), do BNG (1) e do deputado non adscrito (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o seguinte acordo:

**1º.** Ceder, á Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de xeito gratuíto, o uso do inmovible ubicado na referencia catastral 001600900NH90A0001OQ, denominado IES de Vilamarín, consonte ao seguinte clausulado:

- A cesión de uso non conleva a transmisión da titularidade do ben, que continúa a ser provincial.

- A cesión queda condicionada a que a entidade cesionaria manteña a impartición da formación profesional no dito centro.

- Corresponderá á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a totalidade dos gastos de conservación e mantemento do inmovible, subministracións de servizos, seguros, así como o cumprimento das obrigas legais, o pagamento de tributos e cantas outras establezan as disposicións legais vixentes en cada momento.

- A duración da cesión esténdese por vinte (20) anos, prorrogables por dez (10) anos máis de non mediar denuncia expresa de ningunha das partes.

**2º.** O incumprimento das condicións ás que se somete esta cesión de uso de uso dará lugar á súa caducidade, e á reversión do uso do inmovible á Deputación Provincial, previa declaración da dita caducidade polo órgano competente e previo expediente contradictorio.

**8º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á DEFENSA DOS INTERESES DA PROVINCIA DE OURENSE INSTANDO A FINALIZAR A SÚA DISCRIMINACIÓN ORZAMENTARIA.-**



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

O Sr. presidente anuncia que se debaterán conxuntamente este punto e o seguinte e despois votaranse por separado.

Pide a palabra **D. José Ignacio Gómez Pérez, deputado do Grupo Socialista**, por unha cuestión de orde e de procedemento.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, deputado do Grupo Socialista:** dende o Grupo Socialista gustaríanos que, con carácter previo, consideráramos se ten obxecto debater estas mocións, tendo en conta que este orzamento non existe e estamos debatendo sobre un documento que non existe, polo tanto non ten sentido que debatamos unha cuestión que no papel xa non existe, polo tanto o que si pedimos, e lle pedimos evidentemente aos grupos proponentes destas, é que as retiren e debatamos outro tipo de mocións; se non, nós, evidentemente como grupo e eu que vou defender isto, estou encantado de defender os orzamentos que levaba o goberno de Pedro Sánchez sen ningún problema. Nada máis que iso.

O **Sr. presidente** di que isto xa foi obxecto de debate na Xunta de Portavoces, forma parte da orde do día, os grupos proponentes non retiraron as iniciativas e entón procede comezar co seu debate.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** gracias. Antes decir que trae tela lo del nombre bioceánico porque me hace gracia, una vez el presidente de la Diputación dijo en un congreso, que quedaron todos alucinados, dijo: *Orense es la provincia más internacional*. Y cuando le dicen: *¿por qué dice eso, que Orense es la provincia más internacional de España?* Dice: *no, es porque es la que más frontera tiene con Portugal, la que más kilómetros tiene*. Pues esto igual, resulta que como Costa Rica, una parte de Costa Rica, da al océano Atlántico, *póñenlle bioceánico e xa está*. Aunque también alguna gente podría interpretar que es *bio* - de vida - y oceánico; de biología. Pero bueno, vamos ya centrarnos con este tema. No estoy aquí de acuerdo con lo que pretendía el Partido Socialista o el PP de que esto no tiene sentido porque, efectivamente, esto es instar y las instancias ya sabemos lo que son, simplemente mostrar una postura. El debate sigue vivo porque, aunque no hay presupuestos ahora porque, obviamente se han convocado elecciones y pronto, obviamente, dejará de tener vigor ese gobierno de Madrid, sigue totalmente vigente lo que es la discriminación de Orense y esta

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

petición sigue para los próximos presupuestos, porque el cuento es siempre el mismo: discriminación de Orense. Por cierto, me hace gracia, se han disuelto las Cortes de España - bueno, se van a disolver - y se van a convocar elecciones porque Pedro Sánchez, el PSOE, fue incapaz de tener unos presupuestos aceptados. Es decir, consideraba un auténtico desastre estar un año con presupuestos prorrogados y resulta que convocan elecciones y se disuelven las Cortes. En Orense un señor alcalde, Jesús Vázquez, lleva cuatro años con los presupuestos caducados, cinco si contamos con que el PSOE ya llevaba uno detrás caducado; es decir, vamos para cinco años, algo insólito. Y tan tranquilo, más contento que un piano. Vosotros os imagináis a Jesús Vázquez de presidente del gobierno con los presupuestos caducados cinco años y sin convocar elecciones; el tío tira para adelante y punto. Ni Rajoy, o sea, ni Rajoy, tendría el aguante que tiene Jesús Vázquez, ¡un fenómeno! Bueno, dicho esto, tenemos que decir que lo que nosotros pedimos es muy simple. El debate ya se debatió en el Concello de Orense y en el Concello de Orense quedó plasmado cómo el Partido Popular y el Partido Socialista son realmente unos esbirros y son unos lacayos que solo obedecen a sus partidos y lo acabamos de ver aquí, ahora, en lo que acaba de decir Nacho que dice *“estoy encantado de defender los presupuestos que son buenos para esta provincia”* ¡Dios mío! O sea, discriminan totalmente a Orense, favorecen a Cataluña que es la zona más rica, que es lo que este pretendía hacer, y los de Galicia votamos a favor. ¡Hay que tenerlos bien grandes! Mira, nosotros pedimos aquí, ya se hizo en Orense, es el primer punto: instar a la Diputación Provincial a que se pronuncie y censure la actitud de PP nacional, reprobando su doble vara de medir por criticar ahora los presupuestos, pero no criticarlos cuando gobernaban ellos, reclamando la circunvalación norte de Orense que lleva años sin hacerse. Cuando estaba el PP no se hicieron. Bueno, pues nosotros pedimos que se repruebe esto. Bueno, pues el Partido Popular en el Concello de Orense votó que no, ¿por qué? Porque está a favor de su partido y no de Orense. Pero es que el PSOE le apoyó porque luego en la segunda votación nosotros pedimos que se repruebe al PSOE porque, estando ahora en el gobierno, ya ni siquiera tienen presupuestada la variante norte, ni van a hacer los accesos de Tarascón y de Ramón Puga. Y el PSOE votó que no a censurar al PSOE en Madrid, porque defiende antes al PSOE en Madrid que a Orense. El PP aquí le apoyó porque se habían compinchado. Luego, por último, le pedíamos a En Marea, ligado a Unidos Podemos en el Parlamento, a que vote no a esos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

presupuestos si no se corrigen. Dudo mucho, dudamos muchísimo que En Marea votara en contra de esos presupuestos, iban a aceptarlos. Y esto es lo que estamos defendiendo hoy aquí. Orense que antes tenía en torno a casi 480.000 habitantes – hace 60 años – ahora tiene 307.000 y bajando; estamos a punto de bajar de los 300.000. Eso no es por casualidad, eso obedece a unas causas y una de las causas es la discriminación histórica. Si en Orense, que es una de las provincias más pobres, cada vez se invierte menos; en vez de haber una discriminación positiva, cada vez se invierte menos. ¡Es el colmo! Hombre, el ejemplo lo tenemos en Europa. Europa durante años tiene fondos cohesión para las zonas y países más pobres; no para las más ricas. Bueno, pues el Estado español está actuando al revés; en vez de hacer fondos de cohesión y que los presupuestos favorezcan a las zonas más pobres, favorece a las más ricas, en este caso, a Cataluña. Y resulta que el PSOE va a votar a favor de que haya una discriminación para Cataluña. ¡Yo es que alucino! Hace poco se decía que en Estados Unidos están haciendo ahora una historia que me parece muy interesante, está haciéndose lo que nosotros siempre habíamos defendido, y no por ello nos han copiado; pero lo que nosotros siempre habíamos defendido que es, no dan subvenciones, pero sí se ponen de socios con ciertas empresas. Se ponen de socios, pero no dan subvenciones y se meten de socios en co-inversiones, el estado está haciendo un poco lo que hace China, ahora empieza a hacerlo el gobierno de Donald Trump, se están metiendo de socios con empresas siempre que se instalen en zonas deprimidas de Estados Unidos. Entonces, muchas empresas al final están revitalizando ciertas zonas. Entonces es muy interesante. No todo es subvención, me meto de socio contigo porque necesitarás, seguramente, *cash*, necesitarás seguramente capital, pero nos tenemos que ir a zonas deprimidas. Bueno, pues aquí en los presupuestos lo que se hace es a las zonas más ricas: el País Vasco, Cataluña, Valencia, las zonas más ricas. Esto es realmente intolerable y resulta que los pobres, que somos los orensanos, no solo decimos amén; sino que los partidos que nos defienden – PP y PSOE- le votamos a los partidos que nos discriminan. Hombre, tenemos lo que nos merecemos. Hay que cambiar esta tendencia y tenemos que rebelarnos y de esto va la votación y el debate de hoy.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. dende logo non coincidimos coa visión que ten o Partido Socialista ao respecto deste debate porque, independentemente de que os orzamentos xa estean retirados, nós consideramos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

que é absolutamente necesario dar este debate. No caso do que é a moción do BNG, en concreto, nós puxemos sobre a mesa unha serie de cuestións e de propostas que valían para os orzamentos deste ano e valerán para os orzamentos do Partido Socialista e valerán, dende logo, para quen faga os seguintes orzamentos. Valerá para quen faga os orzamentos porque por desgraza son cuestións que xa non son recentes, senón que son demandas históricas e que algún día, supoño, que terán que ter algún tipo de resposta. Volvo a insistir, eu xa sei que este é un debate incómodo tanto para o Partido Socialista e como para o Partido Popular; pero é un debate que retrata a todas as forzas do arco parlamentario español. Insisto que o consideramos necesario para que se vexa que, independentemente de quen estea no goberno de Madrid, Ourense e Galiza saen perdendo case sempre. Vostedes, Partido Popular e Partido Socialista, segundo se mire teñen unha vantaxe que para o noso país, por desgraza, convértese nun problema. Vostedes como son forzas de ámbito estatal e poden escudarse no argumento da visión global, de ter propostas para o conxunto da cidadanía; isto, como digo, convértese para nós nun problema porque nesa visión de conxunto acaban considerando que Galicia é unha moeda de cambio e, senón, aos feitos me remito. Agora pode parecer intranscendente debater os orzamentos cando, insisto, acábanse de convocar eleccións xerais, precisamente co argumento esgrimido do rexeitamento ao proxecto de orzamentos; mais nós coidamos que, independentemente diso, é preciso falar alto e claro da tradicional e sempiterna discriminación do noso país, independentemente de quen estea na Moncloa. Por máis que queiran convencernos do contrario – seguramente o intentarán - este proxecto de orzamentos o que reflicte é, nin máis nin menos, o peso do noso país no contexto estatal e resulta absolutamente impresentable. Podemos estar satisfeitos cuns orzamentos que en cifras netas reducen un 19% os investimentos en Galicia? Podemos estar contentos e satisfeitos cun orzamento que deixa a Ourense no furgón de cola unha vez máis, como xa se dixo aquí? Nós pensabamos que o cambio de goberno ía ser un revulsivo, mais desgraciadamente non foi así. Non trouxo un cambio de actitude das forzas estatais, sen excepción, para con Ourense co *recortazo*, que acabo de indicar, do 19%, que paraliza proxectos e non permite pensar en novos retos que impulsen unhas comarcas que lideran as peores pensións e salarios do estado e unha situación económica grave na que hai pouco e mal traballo e unha desaceleración económica innegable e evidente. Os problemas de Ourense, dende logo, non acaban nin comezan no

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019**

AVE que, ademais, é unha infraestrutura non exclusivamente ourensá que acumula, por certo, incumprimentos e atrasos; é unha desculpa de mal pagador pretender que nos conformemos que sexa o groso do orzamento, cando falta, por exemplo, unha aposta polo tren de proximidade aquí tantas veces defendido polo Grupo Provincial do Partido Socialista. Conxélanse novos proxectos viarios que conectan Ourense con Lugo e Valdeorras que seguirían, ou seguirán, sen facerse. E non hai unha aposta por mellorar a rede actual, a Nacional 120 e, sobre todo, a A-52, malia o seu deplorable estado; a pesar de que no ano 2018, por certo, aumentaron as vítimas de tráfico. Non se notou o cambio político, tampouco, ao respecto do abandono dos ríos ourensáns ao non haber un incremento substancial en eixos como a Confederación Hidrográfica Miño-Sil. As promesas de recuperación de ríos como o Barbaña fican en papel mollado, por non falar dos cero proxectos para Ourense nas áreas de industria, economía, competitividade e que se renuncie a impulsar un polígono industrial no sur. Vostedes, Partido Socialista, están a repetir como un mantra que estes son uns orzamentos sociais. Home, seguramente se os comparamos cos do Partido Popular, así é; mais é rotundamente falso que sexan os máis sociais. Como se pode falar de orzamentos sociais, por moito que se suba o salario mínimo, cando a cuestión máis relevante, a derogación da reforma laboral, que o único que está a provocar é temporalidade e precariedade, nin se expuxo? Son sociais para Galiza cando existe unha débeda de 180 millóns de euros en materia de dependencia? Son sociais para Ourense cando nin tan sequera garanten un Xulgado exclusivo de violencia machista? Neste proxecto de orzamentos evidénciase algo que vén sendo unha tónica habitual, os territorios que contan con forzas propias - Canarias, Cataluña, Euskadi, mesmo en Valencia - saen beneficiados. Para o BNG estes orzamentos son a demostración de que as forzas de obediencia estatal non son útiles para Ourense. Por tanto, nós, desde logo, pensamos que este debate é absolutamente necesario. Traíamos máis propostas no que era a nosa proposta de acordo, falabamos tamén do compromiso coa tarifa eléctrica galega, do tren de proximidade ao que xa fixen referencia, autovías, modificar os criterios de financiamento dos concellos galegos, acabando coa discriminación que nos leva a cobrar 50 € menos de financiamento menos por habitante, un plan de retorno da emigración. É dicir, cuestións que nós formulábamos de cara a estes orzamentos, pero, como dixen ao principio, seguen tendo absoluta vixencia e, dende logo, as formularemos a quen teña que facer os seguintes

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

orzamentos. E dende logo, se temos capacidade de influír e peso nese futuro goberno, porémolas sobre a mesa e defenderémolas e esixiremos que se cumpran. De momento, nesta primeira intervención nada máis. Moitas grazas.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista:** si. Teño anotadas aquí cousas que son, cando menos, rechamantes. O primeiro que hai que dicir é que non estamos na introdución. Iso que acaban de ler os dous grupos, obedece máis a una campaña electoral xa propia e dura que, *bueno*, vamos a falar dela, se queredes e non hai ningún problema; pero isto obedece máis ao desenlace dos feitos que á introdución. Do que nos falaron é da introdución que en principio tiñan que debater no Parlamento do Estado, pero non aquí. En todo caso, como dixen antes, nós brindamos a oportunidade de que non se debatera unha cousa que xa non ten sentido, porque a realidade é que os orzamentos non existen, gústenos o non nos guste, e estamos falando duns orzamentos que non existen. Polo tanto, nin son mellores nin peores que os anteriores, é que simplemente, volvo dicir, é que non existen, señores, non podemos debater de algo que non se levou á cabo. Polo tanto, dicir que isto é mellor ou peor que o anterior, non ten, volvo a dicir, ningún sentido. Outra cuestión fundamental, os dous grupos que acaban de intervir, dende logo, evidentemente o meu rival político é o Partido Popular, pero ultimamente estamos vendo unha cousa moi rechamante, estamos en campaña, pero non volvamos a caer no mesmo erro de sempre de que o Partido Popular e o PSOE son o mesmos porque nestes orzamentos, comparativamente cos que temos agora que son os que están precisamente en vigor, porque non sei se saben os dous grupos que, precisamente, os que están en vigor agora son os anteriores, os de Rajoy, que son os que están prorrogados. Esa é a realidade, iso é o que vostedes, os dous grupos, lle teñen que explicar aos cidadáns e agora lle darei datos por qué lle van ten que explicar cal é esa relación que vostedes fan e esa analoxía en que non son mellores para a provincia de Ourense. Pois llo van a ter que explicar en moitas cuestións a algúns dos que vostedes din que non van a saír beneficiados. Pero hai unha cousa que xa é innegable e que tamén llo digo aos dous grupos, non comparen vostedes oito anos de goberno do Partido Popular, onde sistematicamente os orzamentos foron lesivos para todos e para todas as cidadáns desta provincia e do conxunto do Estado, con oito meses de goberno onde, á parte dos orzamentos, se fixeron moitas modificacións, vía Decreto - Lei, onde si se beneficiaron aos propios cidadáns; entre eles (e díggollo ao portavoz do BNG) o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

que fala vostede do salario mínimo profesional, que lle dirá vostede, ou non, a moitos dos que pasaron de cobrar 700 – 600 € a cobrar os 900 €. Dígame vostede cal é un goberno mellor en oito meses e non en oito anos como o Partido Popular. Polo tanto, o mantra de que todos o mesmo, que é igual o Partido Popular e o Partido Socialista, dende logo os cidadáns xa llo dirán agora mesmo nas eleccións vindeiras de abril. E por certo, ao BNG tamén dicirille que son sociais cando eles tamén os apoiaron en Madrid outras veces; cando os apoian, si son sociais. O problema é que, ao mellor, é que agora non temos a capacidade de aprobalos, que esa é outra cuestión onde, dende logo, teñen que reflexionar eles mesmos, non o Partido Socialista que é quen os impulsou. A Democracia Ourensana dicirille que nós, e dende logo eu, non me sinto *lacayo* de ningún partido. Eu son unha persoa que di as cousas clariñas; pero si que como as digo claras, digo cando as cousas se fan ben. Eu creo que os orzamentos, como todo, son mellorables, pois evidentemente non se pode volver comparar unha cousa con outra. Pero é que, ademais de todo isto, hai unha cousa que vostedes esquecen é que, precisamente, ao non existir orzamentos e non poder levarse a cabo emendas, que vostedes mesmos como grupo poderían ter formulado, outra cousa é que lle fixeran caso ou non, a outros grupos que, ao mellor, podían telas formulado xa no conxunto do Estado, ao mellor poderíanse ter mellorado cousas para a provincia de Ourense; como ía facer o Grupo Socialista, por exemplo, cousa que agora é imposible. Polo tanto, vostedes están caendo na trampa do Partido Popular. Están caendo, sistematicamente, na trampa do Partido Popular; non volvan a caer porque senón xa sabemos o que nos espera na outra bancada. Xa sabemos o que nos espera, recorte tras recorte. E outra cousa fundamental da que vostedes non falan que é, estamos sempre co mesmo. Unha cousa é orzado e outra é o licitado. Home, teñen cadros dende o 2013 ao 2018 onde llos podo dar, se queren, cando finalice isto, non por vir agora con moitos datos. Eu estou esperando un pouco ao que ten que dicir o Partido Popular; aínda que evidentemente, xa volvo dicir, este non era o obxecto do debate. Non, porque non ten sentido, volvo repetir, debater o que xa non está en vigor. Pero *bueno*, home, falouse aquí dalgunha cousa, por poñer exemplos, eu teño datos, as contas non son contos, sempre o digo, e volvo dicir, home, vostedes poden dicir que, por exemplo, a subida das pensións non é una cuestión social? na provincia onde temos máis pensionistas, creo que a segunda provincia de España onde temos o maior número de pensionistas? e por certo, as máis baixas. Digan vostedes, como grupos, é unha

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

cousa que lle teñen que explicar aos cidadáns. Eu non teño ningún problema en explicarllas; volvo a dicir, as contas non son contos. E díganlle vostedes que as seguen cobrando e que iso está garantido por un Decreto - Lei, díganlle vostedes se o incremento que tiveron a partir de xaneiro se é importante ou non, dende o punto de vista da acción social. Home, dicir que non son sociais! Pois mire, díganlle vostedes ao Partido Popular, que é a quen lle teñen que estar dicindo iso, que levaban sete anos subindo nada, ou nun caso como o ano pasado, 1 € Díganllo vostedes! non no lo digan a nós, ao Partido Socialista. Home, é que, dende logo, hai cousas que nos chaman a atención. Despois, hai cousas tamén que son rechamantes. Reto demográfico, falaron vostedes aquí. Home, por primeira vez, un goberno contemplaba.... algún pon cara de estrañado, si, pero é que cando se fala hai que saber os orzamentos, hai que saber de qué ían e hai que saber a qué afectaban e non facer só a demagogia das infraestruturas, do cemento, das pontes, de todo iso, que está moi ben, volvo dicilo, pero antes están as persoas. Antes están as persoas! E o teño dito aquí sistematicamente e vostedes parece que non o entenden porque está moi ben orzar para poñer pontes, para poñer *carreteras* que logo non se executan; pero o primordial é, como dixen antes, que ao mellor o 1 de xaneiro os pensionistas ou os asalariados teñan incrementada a súa nómina. Iso é o fundamental e iso si que non pode esperar para a vida das persoas e vostedes, e o Partido Popular parece ser que non o entenden. Pois xa o poden ir entendendo porque isto, volvo a dicilo, son contas e non contos. Polo tanto, como dicía, había un plan estratéxico para esta provincia co tema do reto demográfico, que boa falta nos fai; pero ninguén fala diso! vostedes falan que se a variante norte, que se a variante sur, que si non sei qué... cando, durante oito anos, o Partido Popular nin sequera fixo os proxectos. Pois eu dígolle outra cousa, na variante norte, que se puxo aquí tamén de manifesto, tamén son contas que non son contos; home, había unha partida que para redactar ese proxecto e que estaba xa en proceso de licitación e está e esa é a realidade, durante sete anos estivo paralizado. Home, claro, estar con estes debates, xa digo, eu non quería intervir neste debate, pero nós non temos ningún problema en debater estes orzamentos; non é que o Grupo Socialista quixera, é que temos argumentos máis que dabondo para dicir que eran uns bos orzamentos para esta provincia e uns bos orzamentos para o conxunto do Estado. E por certo, nós non funcionamos como compartimentos estancos, non funcionamos como compartimentos estancos; evidentemente as cousas que sexan boas para a nosa provincia e



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

os investimentos que hai dende o punto de vista de infraestruturas, son evidentemente relativos a un territorio en concreto. Pero volvo a dicir, que as cuestións sociais que representan unha mellora para o conxunto da sociedade, non teñen que ver soamente cos ourensáns, nin cos galegos, nin coas galegas; se son bos, son bos para todos. E as subidas das pensións, volvo a dicir, as subidas do salario base, os permisos de paternidade e todas as cuestións sociais que alí se reflectían eses son bos para os ourensáns, igual que para os cataláns. E iso é o que parece que, ás veces, nos esquecemos de poñer en valor. De todas formas, volvo a dicir, eu non quería entrar neste debate porque, a verdade, é que non ten sentido; pero vostedes teñen que poñer, á parte de argumentos como que aos cataláns, o mesmo argumento que fai aquí o Partido Popular, teñen que vir con contas e con datos e teñen que vir aquí cos deberes feitos. Creo que, agora, como me apuntaba aquí o compañeiro, estamos falando, como isto vai de películas, pois hoxe estamos falando de películas – ou de libros, depende - estamos falando de *lo que pudo ser y no fue* e o que puido ser e non foi é que hai moitas cuestións que afectaban a esta provincia que non van a ser e, polo tanto, non pode ser mellor, nin peor aquilo que non é factible neste momento. Polo tanto, quen evitou esa cuestión e quen a evitou profundamente co noso pesar son os extremos, tanto dun lado como de outro, o Partido Popular que está botado ao monte cos extremos que lle tocan (si, a algún dálle a risa, pero a realidade é que xa veremos o que lle pasa nas eleccións se lle gañan polo lado dereito, ultra ou non) e os que están noutras cuestións territoriais que tampouco son boas para os intereses xerais do Estado. Nós, polo tanto, volvemos a defender estes orzamentos e defenderémolos porque eran bos e, por desgraza, non o son porque non existen. Volvo dicir que non tiña sentido debater isto; pero *bueno*, eu respecto, evidentemente como non pode ser doutro xeito, o que fagan todos os grupos. Moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** grazas señor presidente. A verdade si, *o que foi e non é, é como se non fora*. Vaia espita que lle mandou o señor don Ignacio a vostede, señor Rodríguez Suárez, que é como para *temblar*. Eu pensei que ía ser cara a aquí, pero foi cara ao fondo sur. Vamos a ver, señores de DO e BNG, non se debate o que non existe. O que non existe non se pode debater! É unha recomendación, unha recomendación en todo caso que leva consigo determinadas patoloxías, o traballo inútil conduce á melancolía. Eu creo que podíamos evitar ser

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

melancólicos aquí, porque estar traballando, dicindo, argumentando... para que serve? E non quería eu estenderme moito máis, pero, señor Rodríguez Suárez, é que vostede xa está melancólico, porque mire, xa non quero dicir amnésico, non, pero teño que dicirillo e recordarllo, pero vostedes, non apoiaron os orzamentos de Zapatero durante anos?, decidiron algo para Galicia? Non decidiron nada. Fala vostede que hai que coidar os ríos, que había que limpalos; vostedes non limparon o río apoiando durante anos os orzamentos de Zapatero. Ou non sabía vostede que os apoiaron? Estabamos falando de que non se creou ningún xulgado e que había que ter orzamentos para crear xulgados, pero non hai tantos anos que vostedes apoiaron a Zapatero nos seus orzamentos, que xulgado crearon? Unha tarifa eléctrica, pero mira que estiveron vostedes durante anos apoiando os orzamentos de Zapatero, por que non crearon a tarifa eléctrica? Ah, queren creala! Queren unha segunda oportunidade porque vostedes son os que deciden en Madrid. Señor Rodríguez Suárez, xa tiveron capacidade de influír e capacidade de decidir e non fixeron unha cousa nin fixeron outra. Señores de DO e BNG, os orzamentos aos que se refiren non vamos nin a emendalos, nin a rexeitalos aquí porque están tombados, legalmente están tombados; polo tanto, que vamos a rexeitar aquí, aínda que quixéramos? Non se decatan que o motivo de rexeitalos foi, ademais, no seu momento, o que fixo e ocasionou a convocatoria de novas eleccións; polo tanto foi unha emenda á totalidade que xa está rexeitado. Pero vostedes, queren dicir e queren falar e queren argumentar e non se pode argumentar, repito, do que non existe. Queren facer un brinde ao sol, ou unha carta aos Reis Magos que non custa nada? Pois fágana, pero non veñan a consumirnos tempo e a dicir que temos que estar, obrigarnos a estar melancólicos. Remato, vostedes rexistraron estas mocións, estas iniciativas, antes de que foran rexeitados os orzamentos no Congreso, foi así. A lóxica di que, unha vez que este documento orzamentario é totalmente un papel mollado, xa non tería cabida debater nada. Sobre o que non existe, non se pode debater. Nada máis e moitas grazas. Pero se queren uns minutos de gloria, tamén llos podemos dar.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** muchas gracias. Me extraña que el señor Plácido no haya salido a la palestra; pero bueno, es lo que hay, me metes a un *sparring* en los debates, me metes aquí a un *sparring*. Bueno, señor Rosendo, usted creo que no se leyó la moción porque dice que esto no sirve para nada, porque ya no hay presupuestos; pero usted creo que el punto 1 no lo leyó. El punto 1

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

dice claramente, censurar la actitud del PP nacional, reprobando su doble vara de medir, por criticar ahora los presupuestos, pero no haber hecho nada en el pasado cuando ellos gobernaban. Es decir, el punto 1 sigue totalmente vigente. En cualquier caso, lo que se trata aquí es de escenificar la discriminación de Orense y para eso sirven las mociones. Las mociones en el Concello de Orense no son vinculantes, aquí tampoco, y lo que se trata simplemente es de debatir. Me hace gracia porque viniste con frases... todos tenemos, si quieres una guerra de frases, hacemos una guerra de frases porque decías, *¿cómo es?, o que foi e non é, e como se non fora* y también decías, *el trabajo inútil conduce a la melancolía*. Yo te entiendo, el trabajo inútil conduce a la melancolía, eso es lo que tuviste que sentir tú tras estar cuatro años en el Concello de Orense de concejal y pasaste de 21.000 votos a 16.000; bien es cierto que te ayudó Jesús Vázquez en esa bajada de votos. Pero yo también tengo frases épicas para estos presupuestos del Estado español, frases gallegas, *o que non chora non mama*, o que *non chora non mama*. Oye, como no reclamemos como los vascos y los catalanes, así nos va. Y si resulta que los políticos que nos representan en Orense, del PP y del PSOE, no reclaman nada porque este señor, Nacho, dice, no, son buenos presupuestos porque son sociales, ¡pero si ese argumento lo utilizaba Jesús Vázquez para que aprobáramos los presupuestos en Orense!; son sociales y ya está. Utilizaba el mismo argumento que Sánchez, Jesús Vázquez en Orense. Son presupuestos sociales, hay que aprobarlos y no se pueden cuestionar; lo mismo. Ojo, Sánchez utilizó el mismo argumento que Jesús Vázquez diciendo el PP me bloquea porque no me los aprueba y es lo que hizo Jesús Vázquez en Orense, la oposición me bloquea. Exactamente lo mismo, o sea, como loritos, como loritos. Aquí lo que se trata es de que está discriminando a Orense y vosotros cañón. ¿Quieres otra frase gallega, cómo era aquella que decía..? ah, lo mismo, *mexan por nós e hai que dicir que chove*; pues es lo que nos pasa aquí, *estades mexando por nós e temos que dicir que chove*. En cualquier caso, lo que nosotros tratamos aquí - dices tú que esta moción no procede - lo que tratamos aquí es de escenificar, de que se vea la discriminación de Orense para que, obviamente, la gente se mentalice y vea lo que hay. Y ya que estamos hablando de citas, te saco otra cita de Sartre, que viene a colación de esto, *no se juzga a quien se ama* y nosotros amamos a Orense; esa es la gran diferencia. Vosotros amáis a vuestros partidos, o sois lacayos; pero Democracia Orensana ama a Orense, por eso esa frase me gusta, *no se juzga a quien se ama*. Bueno, en cualquier caso, me hace gracia la

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

argumentación diciendo lo de las pensiones, que como se suben las pensiones en toda España, Orense sale beneficiado. Sí, pero luego la inversiones van para Cataluña. En cualquier caso, un tema muy importante, claro, dice, es que en Orense hay mucha gente mayor y ya bastante hacemos con subir las pensiones. Perdona, es que hay gente mayor porque la gente ha tenido que emigrar por la discriminación histórica de Orense; entonces ahora decir, es que a Orense ya le damos mucho. ¡Cómo nos dais mucho!, hombre, normal, si nos habéis quitado todo, solo faltaría que ahora no nos dieran un sustento. Pero, claro, si ahora somos pobres y necesitamos ayuda es por lo que habéis hecho en el pasado; entonces, el que nos den unas pensiones o ayudas sociales, no compensa para nada la discriminación histórica porque la gente ha tenido que emigrar. ¡Claro! Si ahora mismo solo queda gente mayor, bastante hacemos con ayudarles. Es que Orense es una tierra subsidiada, claro, nos han convertido en eso y no nos vamos a contentar con las migajas. Orense tenemos, claramente, un destino al que vamos abocados; la ciudad de Orense se va a convertir en una villa. O sea, el gris de Orense es total, Orense nunca estuvo tan mal, da pena, nadie invierte aquí. Los precios de los pisos pronto se van a parecer a los de una villa, en Orense ciudad, que llegaron a ser los segundos más caros de Galicia los de Orense, los segundos más caros de Galicia; se va a convertir en una villa, esto es un desastre y la única forma es una revolución y, desde luego, si el Estado español no le da la vuelta a la tortilla, mal vamos. Y de eso iba esta moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente, algunha observación, algún apuntamento, aínda que, ao mellor, un pouco *deshilvanados*. Señor Rosendo, nin traballo inútil nin, dende logo, melancolía, e ás probas me remito. Eu creo que estamos dando un debate, por todas as partes, interesante, necesario, e sobre todo construtivo. E aí está, precisamente, a importancia e a total pertinencia de que se trataran estas mocions aquí. Xa o dixo vostede, dende logo rexeitar totalmente que isto estea presentado en clave de campaña electoral porque as mocions foron presentadas cando aínda había orzamentos e antes de que estiveran convocadas as eleccións. Por certo, tamén habería que preguntarlle que nos explicara ao Partido Socialista ese cambio de criterio, porque o presidente do Goberno, o señor Sánchez, manifestou reiteradamente que non habería convocatoria de eleccións, que non estaría ligada a convocatoria de eleccións aos orzamentos; é máis, dixo que esgotaría a lexislatura aínda que os orzamentos non saíran a

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019**

diante e que podería gobernar, ou gobernaría, con orzamentos prorrogados. Habería que preguntar por qué se cambiou ese discurso. Home, queremos pensar que non ten que ver coa manifestación, esa fracasada, planificada por toda a dereita, dende a máis dereita ata a máis extrema dereita e pasando pola dereita extrema, que, como digo, foi un auténtico fracaso e gustaríanos pensar que a convocatoria destas eleccións, dende logo, non tivo que ver con esa manifestación. Xa o dixo quen me precedeu no uso da palabra, xustificar que eses orzamentos son bos para Galicia e son bos para Ourense pola suba das pensións, pois home, parécenos un argumento... dende logo, está ben que se suban as pensións; pero dende logo é un argumento feble porque as pensións non só soben para os ourensáns, en todo caso, subirán para todos os cidadáns e cidadás do Estado Español. Volver a insistir, nós pensamos que, efectivamente, os orzamentos do Partido Socialista, comparados cos do Partido Popular, son máis sociais; pero uns orzamentos que baixan case un 20% os investimentos previstos no noso país, dende logo, por moito que non lle guste ao Partido Socialista, dende logo nós non os podemos considerar bos, nin tampouco sociais porque estaríamos cambiando a clave coa que se mide calquera orzamento. Sempre estamos falando e atendemos a cifras de investimentos, desde logo, facer este cambio agora na metade do partido e buscar outro indicador para falar de orzamentos bos ou malos, non nos parece dende logo lóxico, cando todos, insisto, vemos uns orzamentos, valorámoslos en función da partida de investimentos que está prevista, sexa para o Concello, sexa na propia Deputación, sexa o orzamento da Xunta de Galicia e sexan os orzamentos do Estado. Entón, por algo será cando é o criterio fundamental. Tamén falou do salario mínimo; pero é que a suba do salario mínimo non estaba ligada, non está ligada, dende logo, aos orzamentos e xa foi aprobada, por certo. Entón, tampouco nos parece un argumento de peso. E xa remato, volvéndolle contestar ao señor Rosendo que falaba do noso apoio ao Goberno de Zapatero. Home, eu creo que nós cando temos capacidade de influír, desde logo, por quen miramos fundamentalmente é polos galegos e no caso do BNG de Ourense polos ourensáns e intentamos influír, exclusivamente positivamente, nesa dirección e senón vai vostede a ver esa gráfica – ao mellor xa a viu, porque vostede tamén é un habilidoso usuario das redes sociais - esa gráfica que expuña a evolución dos orzamentos desde hai uns anos ata a actualidade e vexa nesa gráfica como influía ou non a presenza do BNG e como influíu no Goberno de Zapatero. Por certo, ten máis influencia da que teñen vostedes,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

vostedes Partido Popular, tiveron no Goberno do señor Rajoy tendo, dende logo, bastante máis peso específico en número de deputados do que tiña o BNG daquelas. Nada máis, nós, volvo a insistir, aquí do que se trata e do que estamos falando é de que calquera cousa que se decide, sexa os orzamentos, sexa calquera outro tipo de decisión pois vai, sobre todo, en función do peso político que sexa capaz de poñer encima da mesa cada un dos actores que participan. Nós, Galicia, desde logo, como o peso político é absolutamente nulo, residual e podemos falar que temos un peso político da categoría pluma, pois non pesamos e ao non pesar pois non se conta con nós; e ao non contar con nós fanse uns orzamentos de costas ás nosas necesidades. Isto é o que temos enriba da mesa, por iso nós o que expomos con estas propostas, sexa para o Partido Socialista, sexa para quen vaia a gobernar a partir do día 28 de abril, sexa o Partido Socialista, coalición ou quen sexa, son unhas propostas moi claras que vamos, dende logo, a seguir defendendo e desde logo tamén, xa llo adianto, como teñamos capacidade de poñelas enriba da mesa e que se poñan e se leven á práctica, desde logo non vamos a deixar pasar esa oportunidade. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, deputado do Grupo Socialista:** si. Empezo polo final. Home, o que ten que pasar é que o Grupo Socialista e o Partido Socialista teña máis capacidade de goberno no Estado e, polo tanto, si que faremos os orzamentos e aínda os faremos mellores. Pero entrar á cuestión de que, claro, eu non quero... aquí cada un fai a súa *soflama* e queda moi ben, eu non dixen, evidentemente, que os orzamentos foran bos porque se subiron as pensións soamente, eu non dixen iso. Eu digo e repito, que as contas non son contos, digo o seguinte, é que, precisamente, a subida a 128.000 pensionistas nesta provincia; a subida do salario mínimo que afecta a 12.000 beneficiarios en Ourense; a equiparación dos permisos de paternidade e maternidade que afecta a 9.000 persoas nesta provincia; o reto demográfico do que falabamos que había 80 millóns de euros para facer fronte a ese reto demográfico e que foron destinados, e que ían destinados, a municipios de menos de 10.000 habitantes e aquí recórdolles a todos os deputados e deputadas desta Deputación que de 92 concellos, somos 87 que entrariamos dentro diso. Entón, iso que significa? –cuestións de Barrio Sésamo- que significa? Significa que era... non, si, é que é a realidade, vólvoche dicir, as contas non son contos, isto que lin non é que o diga eu, iso está aí nos orzamentos, igual que vostedes veñen aquí dicindo que non sei qué que non sei canto e que son os que fan a provincia intelixente. Eu o que digo con isto é que esta cuestión

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

implica que esta fora a terceira provincia de España con máis investimento por renda per cápita. E iso é unha realidade. Que non puido ser? Pois díganllo vostedes ao Partido Popular, díganllo vostedes aos independentistas que se aliaron co Partido Popular; por certo, póñense de acordo uns cos outros para o que lles convén. É así. Non, dálle a risa a algún pero a realidade élle esa; os votos levántanse alí tamén ou dáselle a un botón e esa é a realidade. Entón esa é a cuestión. Pero despois, en cuestións máis prácticas que se falaron aquí... Non é certo que uns orzamentos tomben un goberno. Hai gobernos que ao mellor prefiren seguir con eles prorrogados e, evidentemente, é unha opción que poden tomar ou non, ou unha decisión, mellor dito. O que ocorre, como algún que se senta aquí, neste caso eu, pois algúns vinculamos a acción política a ter ou non ter orzamentos. Jácome, estou de acordo contigo, evidentemente, pero é que Jesús Vázquez puido facer unha cousa (eu non falo dos demais, pero xa que se nomeou) puido someterse a unha cuestión de confianza como me sometín eu e, a partir de aí, hai outras accións políticas que se poden levar a cabo ou non; pero hai que ter a valentía política para facelo. E iso é o mesmo que fixo o presidente do Goberno – contestándolle tamén ao BNG - explicouno claramente. Dixo que para levar a cabo unha acción política e unha forma de entender cada un a política, pois ten que ter orzamentos; se non, non pode executar a súa propia forma de entender esa política e esas formas de facer. E iso é tan sinxelo como que cada un ten que ser responsable con aquilo que di e que despois fai. Creo que nese sentido hai a responsabilidade de que agora hai que ir as urnas e ver, volvo dicir, si temos ou non temos uns orzamentos mellores. Eu estou convencido de que van a ser mellores aínda, porque estou convencido que os cidadáns premian estas cousas e os cidadáns de Ourense tamén as van a premiar e senón vostedes o verán e verémolo dentro de dous meses que non queda tanto. Porque, ademais, hai outra cousa que si lle digo ao Partido Popular, eu non veño aquí a mandarlle ningunha espita ao BNG. Só veño a responderlle a cousas que non son certas e vostede, moi habilidosamente, intenta *escaquearse* deste debate porque, é verdade, pensamos o mesmo que onde xa non existe ese documento, non hai que debater; pero xa que debatemos tamén hai que dicir as verdades. Mire, o que pasa señor Rosendo, e tamén lle contesto a Jácome de paso, sabe o que pasa? Que vostedes onde teñen influencia, ou onde se supón que teñen influencia, e onde realmente, porque o Estado o único que pode facer é dese factor corrector, porque as competencias que ten o Estado para afectar ás provincias é moi pouca; o que realmente ten

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019**

competencias e realmente esa discriminación non tiña que existir son os señores da Xunta de Galicia que, mire, no ano 19 Ourense ten 1.223 millóns de orzamento da Xunta, o menor de todas as provincias galegas. Ese é o problema que ten o Partido Popular e ese é o problema que ten esta Deputación e o goberno do Partido Popular. Porque, Jácome, ao mellor que se suban as pensións, que se suban os salarios mínimos e todo o demais, home, é importante, claro que é importante para os cidadáns e cidadás desta provincia. Comparto o argumento de que moitos tiveron que marchar, que temos a poboación envellecida, tamén o teño dito moitas veces, pero hai unha cousa que é indubidábel, é que estes señores levan gobernando esta provincia toda a historia e, polo tanto, ao mellor, ese é o problema. Non é o problema que o factor corrector que ten que facer o Estado, que ten moitas menos competencias, o intente facer para que estes señores non sigan destruíndo a provincia. Igual que a Xunta segue discriminando a esta provincia sistematicamente e segue e leva gobernando practicamente, tamén, toda a vida. Ese é o problema, polo tanto, cada un pode falar da súa película pero a realidade élle esa. Eu só vou a dicir outra cousa. Nós non tivemos cambio de criterio, nós o que tivemos foi unha determinación a expoñernos ao que nos digan os cidadáns e, polo tanto, iso é o que ten que acontecer. Señores do Partido Popular tamén lles digo unha cousa, a algúns lle van a ter que explicar, a algúns concellos, se xa había partidas orzamentarias (xa que falamos só de investimentos), había partidas orzamentarias que estaban aí recollidas pois, por exemplo, volvo dicir, o que é licitar e o que é orzar. Na circunvalación do Barco - que aquí o meu compañeiro Miguel está co de *Valdeorras existe*, é verdade - había dous millóns de euros e que ían iniciar iso; iso xa non era un conto, como estivo dicindo o Partido Popular durante moito tempo, esa era unha realidade que lle van a ter que explicar algúns –agora cando veña a campaña- aos cidadáns de Valdeorras, si, si, ou o enlace da Rúa ou demais, algún dálle á cabeza, pero élle realidade. Tamén se falou dos ríos. Home, a nova sede, que ía dentro dos orzamentos, da Confederación Hidrográfica Miño-Sil con 2.700.000 € para esta cidade que ten a sede nesta cidade (que antes estaba en Oviedo, non sei se recordan algúns de vostedes) grazas a un goberno socialista, grazas a un goberno socialista; pois ao mellor tamén era un bo investimento. Iso non o fixo ningún goberno do Partido Popular por ter a sede da Confederación aquí, que era de lóxica. Polo tanto, teranllo que explicar. Teranlle que explicar por qué a Biblioteca e o Arquivo quedan sen eses investimentos. Por qué queda,



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

por exemplo, a mellora da seguridade (tamén se falou diso) das *carreteras* entre Rivela e Coles e sendas en Razamonde, etc, etc... Polo tanto, volvo a dicir, de que estamos debatendo aquí? do que non se pode facer? Pois volvo a dicir, díganllo ao Partido Popular que foi o grupo maioritario que tombou eses orzamentos e é a quen vostedes lle teñen que vir reclamar iso. O demais a nós non nolo poden reclamar porque poderíamos entrar na cuestión, volvo a dicir, de que se poderían emendar cousas ou non; pero agora é imposible. Polo tanto, líbrame dun xa foi (como di algún) e bótenlle vostedes, volvo dicir, as culpas aos que están nesas bancadas. Señor Rosendo, remátolle cunha cousa porque a tiña aquí anotada e non me podo esquecer. Eu a vostede tráoo polo seu nome e lle digo señor. Aquí o señor presidente xa me trata de cousa nos medios de comunicación, xa non me trata como unha persoa, porque é un auténtico maleducado, como fixo coa voceira do noso grupo nunha entrevista *deleznable* que fixo o outro día; pero de vostede non me esperaba que dixese –cando eu non interviñera- *o de Ribadavia*, bueno, eu son de Ribadavia con moita honra. Eu podía a vostede dicirlle que o señor do pelo branco tan bonito, pero non llo vou a dicir, e vouno a seguir tratando de señor Rosendo porque teño educación, e non se lle pegue a que non ten ese señor que está ao lado, que fala da educación dos demais cando sistematicamente nos medios insulta a todo aquel que discrepa con el, a todo aquel, incluída, por certo, algunha deputada que estaba aquí, que fai pouco ben que o defendía e agora el tratouna como se fora a último lixo, por certo. Iso é o que fai. Que non se lle peguen eses malos costumes que ese señor que está aí pouco lle vai durar. Moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular:** moitas grazas señor presidente. *Recomendacións vendo, pero para mí no tengo.* Parece que o BNG e o Partido Socialista nin que non gobernarán nunca, que nunca gobernarán xuntos, nin pactarán porque hoxe o señor Ramiro di: *non era en clave electoral estas mocións porque para iso xa as rexistramos antes da moción de censura.* Pero, don Ignacio di, e dixo, *un mitin electoral.* Eu escoitei un auténtico mitin, entón póñanse de acordo. ¡Poñeranse de acordo se os datos dan, iso seguro! Para iso si e como di o señor Rodríguez Suárez coa capacidade de influír, ¡bueno!. Señor Pérez, eu cando vexo a exposición de motivos, a primeira liña da exposición de motivos é *a la vista del proyecto de Presupuestos del Estado para el 2019 presentado por el Gobierno de Pedro Sánchez* e a partir de aí fai vostede o argumentario; polo tanto, si que lin que basea vostede todo o argumentario e as propostas nos orzamentos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

do 2019. Se é que tanto ama a Ourense – eu tamén - pódolle dicir aquilo de San Agustín, *ama et fac quod vis, ama y haz lo que quieras*, que é o que está facendo, facer o que quere independentemente de que veña a conto ou non veña. Señor Rodríguez Suárez, dixo na primeira intervención, *debate incómodo*, que era para nós un debate incómodo e dixo nesta segunda intervención –repetindo da primeira- *se tivéramos capacidade de influír*; xa tiveron capacidade de influír e non influíron nada. Cantos orzamentos apoiaron vostedes de Zapatero? Cantos anos orzamentarios tiveron apoiando a Zapatero e en que influíron? Pero voules a recordar unha cousa, que as hemerotecas están para algo. Cando Touriño e Quintana negociaban aquel Estatuto de *Nazón* (lembrase do Estatuto de *Nazón*?) para Galicia, ambos consideraban que era imprescindible que Galicia recibira o 8% dos investimentos territorizables do Estado. Semella que os socialistas esqueceron aquel criterio porque agora se pasa dun 9,2 a 6,2. Pois mire, estábamos en 9,2; vostedes como eran tan ambiciosos e influían tanto, chegábaslle o 8%. *Bien*, son vostedes moi ambiciosos! E remato cunha cuestión, señor don Ignacio, mire, que son malos, son malos; pero nós xa o sabíamos. Eran malos, porque non vou a dicir que é malo o que non existe, eran malos porque recórdolle que era un 20% menos para Galicia – ese papel que había aí - e un 52% máis para Cataluña; independentemente que, efectivamente, sempre tiveron en conta unha cousa é orzar e outra cousa diferente é executar, efectivamente, pero claro, cando a un lle dan xa o 20% menos e ao outro o 52% máis –neste caso Cataluña - *oiga*, as diferenzas nótanse. Ou cando para Ourense, aquel papel que existía e non existe, era un 34% menos, algo lesivos eran, independentemente do que lle digo que unha cousa é orzar e outra executar. E cando, e agora si que remato, eran 67 € menos para cada galego e 93 € máis para cada catalán non me diga vostede que non eran discriminatorios e que non eran secesionistas. Nada máis e moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourenzana:** hola. Yo creo que Plácido no habla porque tiene un dedo vendado, por eso no puede hablar. *O día que che pase algo nun pé, non bebes*. Bueno, vamos a ver, yo creo que unos presupuestos en los que, realmente, se le quita a Galicia un 20% y se diga que ayudan a Galicia; me parece realmente una auténtica tomadura de pelo. Hablaba Nacho, y es por lo que nosotros decimos que es una auténtica discriminación y como realmente defendemos al partido, atacaba ahora a la Xunta porque la Xunta no hacía factores de corrección y no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

invertía en Orense máis que la media. Pero, ¿si es lo que estamos criticando que hace Madrid! O sea, mira para otro lado cuando lo hace Madrid, porque ahora gobierna Pedro Sánchez; sin embargo ahora critica lo que nosotros criticamos de la Xunta. Luego decía que la culpa de esta provincia es que la Diputación lleva gobernando 40 años. La Diputación lleva gobernando 40 años y si multiplicamos eso por 100 millones de euros, son 4.000 millones de euros. 4.000 millones de euros no es nada para la inversión estatal, lo que se podría hacer en Orense, se corrige solo con un año. Es decir, la Xunta de Galicia ha sido causa del problema de Orense; pero realmente dónde se juega la Liga, dónde se juega la Champions League es en los presupuestos estatales. Si Orense llega a ser como Salamanca, que es última estación, aquí no vendría el AVE; si viene el AVE es porque está de paso. Si le quitamos las inversiones del AVE, en Orense no se invierte prácticamente nada del Estado; o sea ¿ustedes dígame si eso es ayuda? Luego decía Nacho también, no, es que se está ayudando mucho al tema de subir el sueldo mínimo a los trabajadores. Pero, precisamente, si se le sube el sueldo mínimo a los trabajadores, y eso es una ayuda, donde más se está ayudando es en Madrid y Barcelona que es donde más trabajadores hay, porque en Orense es donde menos trabajadores hay, así que, realmente, flaco favor estamos haciendo ahí en ese tema, ¿no? Decir que esto es una tomadura, obviamente, de pelo y ya que el señor del pelo blanco, el señor Rosendo, el pelo blanco bonito, porque es un piropro, sigue con la guerra de las citas, pues vamos a decir también una cita mágica que es que *la peor batalla es la que no se lucha* y nosotros, realmente, es aquí lo que pretendemos. O sea, vosotros esta batalla pretendéis evitarla que es luchar contra vuestros partidos que son los que nos discriminan. Entonces, nosotros queremos votar por puntos nuestra petición. Vamos a votar a favor del BNG, no es que estemos de acuerdo en todo lo que pide; pero como realmente está pidiendo cosas para Orense del Estado, pues, mira, *a caballo regalado no le mires el diente*, entonces votamos obviamente que sí. Y aquí nosotros lo que realmente queremos hacer es que se posicionen el PP y el PSOE, porque queremos que el PP critique lo que está haciendo el PSOE en Madrid y luego viceversa. Ahí es donde realmente se ve la incongruencia o como se ustedes de alían para votar a favor de los partidos grandes y discriminar a Orense. Nada más.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Si,moi breve. Señor Rosendo, téñolle que recordar, cando nos fala vostede dese 9% nos últimos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

anos, que aí está ou ten demasiado peso, bastante influencia – xa o dixeron - precisamente as obras do AVE; esas obras que vostedes orzan e orzan e orzan e orzan... pero que despois nunca se executan. Entón, acudir a esa cita como indicador da súa bondade, dos seus orzamentos para con Ourense, dende logo é facer un pouco de trampa. Vólvolle a recordar, vostede volve falar do peso do BNG. Vexa, busque esa gráfica que hai por aí feita onde se ve a evolución dos orzamentos, dende fai dez anos para acá e onde se ve o peso ou a evolución dos orzamentos cando o BNG tiña capacidade de influír e cando non. Compare vostede esa influencia do BNG coa que teñen vostedes, porque vostedes levan aí toda a vida. Xa remato, simplemente dicirlle ao Partido Socialista que dende logo nós non nos equivocamos de inimigo por utilizar un termo belicista; pero *bueno*, témolo moi claro. E tamén nos parece de facer un pouco de trampa, neste caso, botarlle á culpa de que os orzamentos non saíran adiante, precisamente, aos partidos nacionalistas e independentistas cataláns; porque, home, dende logo, desde a propia moción de censura ata a véspera dos orzamentos non levan feito nada máis que darlles a vostedes un cheque en branco. Entón, dende logo, algunha contrapartida esperarían a cambio ou, polo menos, algún indicio dun cambio de actitude dende o propio Partido Socialista ou dende o propio Estado. Nada máis. eu creo que o debate está dado, as posturas están claras. Nós tamén vamos a apoiar a moción de Democracia Ourense e tampouco teríamos ningún problema en votala por separado desde logo. Nada máis e moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, deputado non adscrito:** moi bo día señor presidente. Como non teño dereito a intervir nos puntos, pero creo que si me asiste o dereito a xustificar o meu voto e quería facelo neste caso. Con absoluta brevidade e sen moito *rollo*, porque *rollo* xa houbo abondo, e non quero ser reiterativo, en algo que carece de efectos, quero indicar cal é o sentido do meu voto e fundamentar o porqué. Voume abster porque este debate é papel mollado, a cidadanía está convocada a falar en breve e despois haberá tempo de facer este debate. Se non fose así, o meu voto sería a favor das propostas das mocións, porque a min gustaríame outro proxecto de orzamentos para esta provincia. Porque para saír da situación na que nos atopamos eu coído que non abonda cun proxecto de orzamentos que, ademais do AVE, só supoñan melloras para os pensionistas desta provincia. Porque por moi necesarias que sexan, sería resignarnos a unha provincia subsidiada. Non serve de nada laiarnos aquí, continuamente, das necesidades e do estado da

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

provincia, se despois, á hora da verdade, miramos para outro lado; eu non o vou facer. Ourense precisa dun compromiso firme e decidido dos gobernos central e autonómico e iso, e iso, son números nos orzamentos, o resto, ademais de contos, é perder o tempo. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

O Sr. presidente di que rematado o debate chega o momento da votación e di que houbo unha petición por parte de Democracia Ourense para que a súa moción sexa votada por puntos e tendo en conta o artigo 4 do Regulamento é posible se todos os grupos políticos están de acordo.

Como todos están de acordo procédese a votar separadamente as tres propostas de Democracia Ourense.

Sométese a votación a primeira proposta da moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourense (2) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (6) e a abstención do deputado non adscrito (1).

A continuación sométese a votación a segunda proposta da moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourense (2) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (6) e a abstención do deputado non adscrito (1).

Por último, sométese a votación a terceira proposta da moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourense (2) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (6) e a abstención do deputado non adscrito (1).

**9º.- MOCIÓN DO BNG DE REXEITAMENTO DO PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2019.-**

Non se producen intervencións, someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourense (2) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (6) e a abstención do deputado non adscrito (1).

**10º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DA SITUACIÓN DA REDE DE CANCEIRAS PROVINCIAIS.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor, presidente. Voulle dar lectura á exposición de motivos. O luns xa tivemos un pequeno adianto de debate desta moción porque se reuniu a comisión de seguimento do convenio e, como digo, vou á exposición de motivos.

*A Lei 1/93, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, alzouse como unha resposta normativa diante da falta dunha lexislación actualizada e integradora sobre a protección e defensa dos animais que viven na contorna humana; cuxo obxectivo fundamental era darlles amparo e salvagarda, mediante regulación, das mínimas atencións hixiénico-sanitarias que debían recibir, así como establecer as obrigas das persoas posuidoras, centros de acollida, albergues ou instalacións para o seu mantemento temporal, ao obxecto de garantir uns mínimos de bo trato animal. Esta lei foi derogada por outra, a 4/2017 e o Decreto 153/1998 nos aspectos que non regula a nova lei.*

*A norma galega define como animais domésticos aqueles que se reproducen, conviven cos humanos e non son susceptibles (hai un erro, corríxoo) de consumo e aproveitamento.*

*O artigo 22 da Lei 4/2017, de protección e benestar dos animais de compañía en Galiza. Recollida e acollida dos animais vagabundo e extraviados sinala que “os concellos recollerán aos animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais”.*

*A recollida de animais abandonados é, por tanto, competencia dos concellos e estes teñen a obriga de recoller todos os animais domésticos, aí non se inclúe ao gando, pero si exóticos –paxaros ornamentais, etc...- excluída tamén a fauna salvaxe.*

*A Rede Provincial de centros de acollida foi creada para xestionar este servizo naqueles concellos que delegan na Deputación, por convenio, esta competencia. Na actualidade son 67 (tamén corríxo o dato) os concellos acollidos a este convenio.*

*Os animais son acollidos en orixe e trasladados a un dos centros de acollida. Nos casos en que é posible a localización do propietario –se son animais rexistrados- a devolución faise coa maior brevidade e noutros casos os animais son ingresados nun*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

*centro. Nos casos de que non aparecese o propietario no prazo legal, os animais pasan a ser propiedade da Rede Provincial e a estar dispoñibles para a súa adopción.*

*Mais hai varias cuestións que, sendo competencia dos concellos e da Deputación por delegación, non se están a facer. A primeira (ou polo menos iso é o que a nós nos están a transmitir e de aí a moción) é que na rede de canceiras só hai cans, o que contravén a norma porque a Deputación non recolle gatos, nin outro tipo de animais.*

*A segunda cuestión é que o horario de atención das canceiras provinciais só é de luns a venres (parece ser que é de luns a sábados) en horario de mañá o que resulta escasamente eficaz pois, se o aviso de que hai algún animal solto se produce de tarde, ou nun festivo ou fin de semana, este deambulará perdido e desorientado, co perigo que iso significa para o propio animal e para a seguridade viaria.*

Nós o que propoñemos son dous acordos moi claros e moi sinxelos e que, pensamos tamén, moi asumibles. O primeiro, que se cumpra en todo o seu contido o disposto na norma galega, Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección, benestar dos animais de compañía de Galicia. En segundo lugar, que se amplíen os horarios de atención ás canceiras, habilitando un horario de tarde e de garda durante as fins de semana e festivos.

De momento nada máis, moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** ola, bos días a todos. Indo directamente ás propostas do BNG, vemos que a primeira proposta o que pide é, en resumidas contas, que se cumpra a lei, a lei pertinente do asunto que se trata; polo tanto parece obvio que o lóxico é aprobalo. E o segundo é que se amplíen os horarios das canceiras habilitando un horario de tarde e de garda durante as fins de semana e festivos. O que nos parece obvio é que os animais precisan atención todos os días, como sabe calquera persoa que teña, por exemplo, unha granxa ou unha explotación gandeira, aínda que isto refírese a animais non domésticos, de compañía, non de explotación económica; pero é o mesmo. Entón, no caso nós non temos a claridade de que o horario en todas elas abarque todos os días da semana; entón naqueles casos, se existen, que os animais non son atendidos nalgún momento da semana o lóxico é que tamén votemos a favor desta segunda proposta do BNG. De momento nada máis. Moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

**D. Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista:** bos días, señoras e señores deputados. Este que lle fala estivo na comisión das cancelas do luns, creo que foi, e creo que fun o único que dixo algo, digamos algunha observación do servizo. Digo isto porque nós estamos de acordo, como non pode ser doutra maneira, que no punto 1 se cumpra a lei, non vamos a ir en contra de que non se cumpra a lei, e no punto 2, volvo a insistir, que eu fun o único que trouxo unha pequena reclamación á comisión sobre os temas das fins de semana e se me explicou que si hai un servizo de fin de semana e, loxicamente, o servizo de fin de semana xa explicaron que era por necesidade, dixéronnos a nós que estabamos moi lonxe. Entón, se vostedes retiran o segundo punto, nós votaremos a favor; senón ímonos a abster. Nada máis e moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular:** moi bos días, moitas grazas señor presidente. Esta moción manifesta unha total e absoluta falta de coñecemento da Rede de Cancelas da Deputación Provincial por parte do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego. Xa llo dixen o outro día na Rede de Cancelas, no ánimo de que, dalgunha maneira, entendera que estaba vostede metendo a pata, para ver se, dalgunha maneira se daban conta e non levaban a moción. Pero entendo que vostedes o que queren facer é mal meter e, como sempre, sementar dúbidas sobre este servizo e sobre o goberno provincial. Aínda que me consta que lle quedou bastante claro na comisión de seguimento do luns, con todos os alcaldes que había aquí, que de 661 recollidas que houbo no ano 2018, 661 recollidas de animais, houbo unha queixa, e para iso nin por escrito, que foi da que falou o señor Miguel Bautista. Houbo unha queixa e para iso nin por escrito e cónstame que esa queixa (o señor técnico explicounos moi ben o outro día) cónstame que esa queixa foi por non utilizar o teléfono que ten que utilizar; é dicir, o alcalde que se queixou utiliza o teléfono dos técnicos que atenden a cancela da Rúa de Valdeorras. Eses técnicos, como vostedes saben, o horario é o que despois lle explicarei, de luns a venres; pero temos un teléfono 24h dos laceiros e dá igual a distancia, vostedes chamen aos laceiros e van, o único que vai a variar será o criterio da recollida. É dicir, se é un can que está nun sitio controlado, pois ao mellor evitan ir, ao mellor xa non digo a Petín, senón a Quintela de Leirado; pero se é un can que está descontrolado, perigoso, van onde sexa. Voulles a ler o argumentario que traía preparado para poñerlles un pouquiño de luz, non a vostede, Miguel, senón a Ramiro para que entenda un pouquiño e saiba por onde anda; porque repito, creo que o único obxectivo desta moción é sementar dúbidas deste servizo e



**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019**

dúbidas do goberno provincial. Sabendo que vostede non distingue o que é a Rede de Canceiras, señor Ramiro, a Rede de canceiras ten as canceiras, nas que se meten cans e gatos, logo explicareille e despois tamén ten un servizo 24h. Quero dicir, a Rede de Canceiras non está as 24h aberta, as canceiras, a Rede de Canceiras si. Agora llo vou a explicar. Mire, a Deputación de Ourense sempre tivo unha sensibilidade especial co coidado dos animais, unha total implicación que queda demostrada ao dar forma a un convenio que xa levan asinado 77 concellos; que llo dixen eu o outro día na comisión de seguimento, vostede puxo 68. Xa vemos o descoñecemento total e absoluto que teñen, que poderían preguntar, vostede non me pode dicir é que mireino na web ou non sei que, a vostedes cando lle convén algunha información concreta e clara, sen ánimo de difamar, vostedes van aos despachos dos técnicos que llos poden dar. Este convenio vén sendo totalmente operativo dende a súa posta en marcha hai uns 6 - 7 anos. 77 concellos, non 68 como afirma vostede na súa moción. Primeiro erro por non preguntar. 77 concellos que son máis das 2/3 partes da totalidade dos concellos da provincia e que teñen unha solución a esta problemática. Nas outras deputacións de Galicia as canceiras están rexidas por empresas privadas ou protectoras; aquí facemos a xestión directa. Mire, o ano pasado gastamos na Rede de Canceiras 285.000 € en persoal directo; 150.000 en gasto corrente e en investimento da reforma da canceira de Xinzo, que a vamos a acometer durante este ano, uns 130.000 €, o cal da mostra da vontade de mellora e de investimento continuo deste servizo por parte da Deputación Provincial. Mire, na Rede de Canceiras só hai cans, certo; pero o motivo é porque non hai unha necesidade urxente para acoller a outro tipo de animais. Hai unha demanda puntual do control da poboación felina – poboación felina referida aos gatos e ás gatas - en zonas urbanas; pero para este tipo de situacións utilízanse outros métodos máis axeitados de situación como son as gateiras refuxio onde se lles ofrecen comedeiros controlados. As recomendacións e actuacións que se propoñen dende os organismos internacionais van dirixidas a manter as poboacións de gatos en orixe, esterilizándoos para evitar a superpoboación; pero evitando a recollida e o confinamento en centros de acollida. Como é ben coñecido os gatos, que son animais individuais e non gregarios como os cans, cando se pechan en gaiolas están sometidos a un forte estrés que os leva a padecer enfermidades e volverse agresivos. As colonias de gatos, onde existen (e xa nos teñen pasado casos, coméntollo por se non o sabía) deben ser mantidas en orixe. O control e coidado mantense mellor no hábitat onde aparece o problema e aínda así, estamos a recoller os

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019**

casos urxentes: atropelos, enfermidades e aqueles onde non vemos posible outra solución. Os gatos domésticos que non poden ser atendidos por falecemento do propietario, por exemplo, como xa nos ten pasado, tratamos de reubicarlos o máis cerca posible; prestándonos, incluso cando se nos solicita a recollelos, esterilízalos e despois recollelos, todo elo sen custo. O que adoitamos facer nestes casos é buscarlles ubicación antes da recollida, para evitarlles que teñan que permanecer moito tempo no centro. Como vostede poderá entender, se nunha canceira temos 150 cans, meter alí gatos pode ser unha total desfeita. En canto a outros animais que si recolle a Lei de protección, furóns, aves exóticas (evidentemente nós estamos a cumprir a lei, se vostedes son conscientes de que non se cumpre a lei, non o deben facer en modo de moción, vaian a outro sitio; pero nós estamos a cumprir a lei), en canto a outros animais que si se recollen na Lei de protección: furóns, aves exóticas, etc.. - dos que debe existir unha poboación escasísima - non parece frecuente o seu extravío; pois en case seis anos de experiencia non recibimos nin un só aviso de retirada de animais. O que si lle podo dicir é que temos á xente, non só aos laceiros, senón a xente formada para que no caso de que tiveramos que asistir a recoller a este tipo destes animais, poder facelo. Mire, dicirlles que confunden centro de recollida co servizo de recollida que, pertencendo ao mesmo departamento, teñen funcións e horarios diferentes. Os centros de acollida están operativos de 8:00 a 14:30, de luns a sábado; horario máis que suficiente para manter aos animais e as instalacións en óptimas condicións e atender as visitas das persoas que están interesadas nos animais. Os domingos e festivos, agás no caso en que coincidan dous festivos seguidos, están pechadas e só se acude para atender tratamentos urxentes. Tamén lle recordo que temos un servizo de urxencias veterinarias nas catro canceiras. Non cremos, por tanto, necesario ampliar os horarios dos centros como vostedes solicitan. Este horario complétase, ademais, coa recollida de animais, con laceiros dispoñibles que tratan as 24h do día, os 365 días do ano -se o ano fora bisesto pois 366- atendendo cando son requiridos os casos de animais, dando sempre prioridade a aqueles que poida provocar danos, accidentes ou molestias cidadáns. Mire, señor Rodríguez Suárez, tome nota deste número: 608 762 695, 608 762 695. É o teléfono de 24h de atención aos laceiros. Mire, proba disto é esta noticia recentemente publicada nun xornal, o pasado luns día 18 de febreiro, onde se informa de que o domingo 17 (mire vostede, fin de semana) a Garda Civil tivo que cortar un carril na autoestrada A-52 para recoller un can abandonado. Os axentes solicitaron a presenza dun laceiro da Deputación que se fixo cargo dun mastín para o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

seu traslado á canceira xa que carecía de microchip. Eu creo que vostede viu esta noticia. Creo que estes apuntes son máis que suficientes para explicar o funcionamento do noso servizo de canceiras e demostrar por outra banda, como xa lle dixen ao principio da miña intervención, que, ou ben descoñecen totalmente o que facemos en temas de coidado de animais, ou ben deixáronse levar polo aproveitamento partidista dalgunha queixa que lle puideron chegar a vostedes. Por agora nada máis, moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas presidente. Eu creo que xa o dixen tamén o outro día, este tipo de moción, precisamente polo tipo de moción que é, non é unha moción que a nós se nos ocorra aí no despacho; esta moción presentámola porque nos chegan informacións que contradín o que me está dicindo agora vostede. Desde logo tamén, o que lle pediría tamén é que non xulgue as miñas intencións. É unha moción que está presentada co mellor dos ánimos construtivos. Nós non estamos criticando (eu non o vin por ningún lado) o funcionamento do servizo de canceiras na súa totalidade, intentando dicir que é un desastre, que hai que poñelo en marcha...; non, non, todo o contrario. Estamos poñendo sobre a mesa dous aspectos moi concretos. Un, o tema da recollida de animais, non só cans; e outro o tema dos horarios de atención. Desde logo, se antes xa o tiña claro, agradézolle que logo das súas explicacións, teño máis claro como é o funcionamento da Rede de Canceiras; ou polo menos como é o funcionamento na teoría porque, ao mellor, tamén vostede ten que dar unha volta por aí e ver como funciona realmente na práctica. No caso dos gatos. Mire, no caso dos gatos, pois é verdade todo o que vostede dixo; non é totalmente unha razón de peso. O problema que temos, ou que teñen na Rede de Canceiras na Deputación, é que non hai gateiras e os gatos que se recollen na provincia veñen todos para a canceira de Ourense. Nas canceiras da Deputación, como lle digo, non hai nin unha soa gateira; no Carballiño había 3 e agora non hai ningunha, no resto non hai. O 30%, teño aquí o dato, o 30% dos animais que entran na canceira de Ourense son gatos, o 30% son gatos. E falando tamén do resto, tamén lle entrou algún corzo, algún coello, periquitos, hámster, tartarugas, furóns ou ourizos na canceira de Ourense. O problema dos gatos, non é só de inadaptación, o problema dos gatos é que entran enfermos na canceira; ese é o grave problema. A competencia municipal, como lle digo, vai máis aló de gatos e cans; entón que non haxa entradas ou que non haxa moitas entradas é evidente, pero entradas haber, hainas. Nós o que pediamos é, volvo a insistir, non sei que lles parece a vostedes mal pedir que se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

cumpra a legalidade dunha lei que está en vigor é que é de obrigado cumprimento e no tema dos horarios, pois tamén pedimos que se aumente, se pode ser, se é posible. Nós entendemos que debería haber un horario de atención polas tardes e para as fins de semana; independentemente do que vostede me fala dos laceiros que xa nos quedou claro, sobre todo despois de escoitalo, que funcionan as 24h do día como desde logo non podería ser doutro xeito. De momento nada máis, grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** *bueno*, a nosa postura quedou clara na miña primeira intervención. Só facer un apunte, fíxome un pouco de graza que dixera que nas canceiras entrara algún ourizo cacheiro. O ourizo cacheiro realmente é un animal salvaxe. Na moción dise que os animais salvaxes quedan exentos, a verdade é que é domesticable, o ourizo cacheiro admite a domesticabilidade é incluso é capaz de recoñecer ordes como os cans. Pero eu penso que o ourizo cacheiro habería que deixalo solto no monte. Nada máis. Grazas.

**D. Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista:** eu insisto na miña anterior intervención, nós estamos a favor do punto 1 e ímonos abster no punto 2. Non nos contestaron, se vostedes retiran o punto 2 porque creo que as explicacións están claras, do servizo como está; entón nós estamos a favor de cumprir a Lei, pero o da fin de semana xa llo explicou como era. Entón, terémonos que abster. Nada máis.

**D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas, señor presidente. Despois desta fenomenal disertación sobre o ourizos cacheiros, vamos ao asunto. Señor Ramiro, vostede di que na canceira de Ourense entra..., que ten que ver que na canceira de Ourense entre toda esa fauna? Que ten que ver? Ourizos, furóns... que ten que ver que na canceira de Ourense entre esa fauna? Nas nosas non. Non temos esa necesidade e cando a teñamos, darémoslle solución e punto. Nós non levamos gatos, nin levamos nada á canceira de Ourense, se vostede quixo dicir iso. Aínda que vostede di que vén con boa intención, entendo que non quixo dicir iso. Pero, non sei, nós non temos tido reclamacións desas faunas; como moito ao mellor algún burro (que non soe así mal!), pero sempre hai para darlle solución. Falouse o outro día tamén aquí no de seguimento, ademais creo que por parte do señor alcalde da Teixeira. Mire, voulle a dar uns datos, vale? Primeiro, vostede fala de cumprir a lei. Nós cumprímola e aínda máis lle vou a dicir, antes de que na nova lei saíra o de sacrificio cero; aquí nesta Deputación xa se falou de que nas nosas canceiras sacrificio cero. Xa antes.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

Sacrificio cero nas nosas canceiras. Agora que está, debateuse, señor Miguel Bautista, el o outro día na súa intervención felicitou ao servizo das canceiras, non?, e incluso dixo que fora facer algunha visita e quedara totalmente satisfeito. Vostede dixo, dea unha volta por aí. Eu vou polas canceiras, quen non vai é vostede, iso está claro porque senón non dicía isto. Mire, voulle a dar uns datos simples. Datos de recollida no ano 2018: 681 cans, 113 devolucións a propietarios, 404 adopcións. Os concellos achegan un euro por habitante, en total cubrimos unha poboación de 151.000 habitantes. Temos uns gastos de 485.000€ que inclúen: persoal, gasto corrente, investimento e tamén lle vou a dicir que no 2020, se Deus quere, vamos a ampliar a Rede de Canceiras con algunha canceira máis. *Bueno*, non teño máis que dicir, senón que recordarlle que temos un teléfono 24h, 365 días do ano, 336 nos bisestos que é o 608 762 695. Espero que tomara nota porque ademais este teléfono mandámosllo a todos os concellos e dixémoslle que puxeran un bando de atención porque aquí xurdiu, a petición do deputado do Partido Socialista, de que puxeramos o teléfono para que - como era a historia Miguel? - para que non chamaran ao *concejala de turno*, ou ao alcalde, senón que a xente tivera o teléfono e que o soubera para poder chamar eles directamente aos laceiros. *Bueno*, pois iso implementouse e canto fai disto, tres anos? pois imaxine como está o tema Ramiro. Eu creo que nada máis. 608 762 695.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** grazas señor presidente. Volvendo ao tema dos gatos. Eu dáballe os datos dos gatos que entraron na canceira de Ourense, son datos, dígolle que o 30% dos animais que ingresan nesta canceira. Home! estráñame tamén que a problemática que afecta aos gatos no que é a gateira, ou no concello de Ourense, non estea estendida ao resto da provincia, posto que non lles entrou ningún gato. Ao mellor non lles entra, precisamente, porque non teñen gateiras para atendelos. E deixamos aparte o caso do ourizo, como dicía o señor Armando, que dende logo é mellor que estea en liberdade circulando por aí e que non entre en catividade. Desde logo, o que tampouco podemos explicarlle é que a legalidade non o ampara neste caso; entón, *bueno*, xa que entrou con boa vontade o mellor foi atendelo. Nada máis, non vamos a ceder á petición de votar por separado os dous puntos porque a moción está presentada en conxunto e os dous puntos pensamos que teñen interese e que debe ser votada tal como está e tampouco, vista a actitude, pensamos nos leve a nada práctico. En todo caso, como tamén teño dito algunhas veces, ou algunha outra vez, independentemente de que non vaian aprobar vostedes esta

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

moción, o que si que esperamos e que teña algún efecto práctico, efectivo e desde logo leve a que isto que nós denunciabamos e expuñamos aquí, non sexa vía aprobación na moción, pero si que, dalgunha maneira, se aplique e teña, como digo, un efecto práctico. E tomeille nota do número dos laceiros, metereino no móbil en canto teña oportunidade e para que vexa, 608 762 695. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e de Democracia Ourenzana (2), o voto en contra do Grupo Popular (13), e a abstención do Grupo Socialista (6) e do deputado non adscrito (1).

**11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA CONTRA A DISCRIMINACIÓN DA PROVINCIA DE OURENSE NO TOCANTE AO SERVIZO DE HEMODINÁMICA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE.-**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda o Grupo Popular e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Non é a primeira vez que imos a tratar esta tema porque xa hai un ano tomouse aquí un acordo e debateuse *concienzadamente* como tiveron oportunidade de repasar estes días pasados; pero vou falar da exposición de motivos desta moción. Falar da nosa provincia en termos reais, hai tempo que implica asumir datos desoladores; non só en termos demográficos ou de desenvolvemento socio-económico; senón no aspecto dos servizos máis fundamentais. Entre estes servizos está o que poderíamos considerar máis imprescindible: o sanitario. Á afronta que sofren determinadas zonas da nosa provincia, en termos de recortes no eido da saúde pública, hai que sumar ter a dubidosa honra de ser, xunto con Lugo, unha das provincias cun maior índice de mortalidade a causa dos infartos de miocardio, triplicando os índices de A Coruña ou de Pontevedra. De feito, son os datos alarmantes de Lugo os que deberon facer reconsiderar a posición no SERGAS no tocante ao servizo de hemodinámica do HULA de Lugo. Acaban de anunciar que amplían o horario de atención ás 24 horas, despois de anos de loita dos lugueses e das luguesas; así como do

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019**

gobierno da cidade e da propia Deputación de Lugo. Tal e como denunciámos en xaneiro do ano pasado – como xa dixen - de ano en ano, tanto Lugo como a nosa provincia, compiten, no peor senso da palabra, por ver quen encabeza as porcentaxes de incidencia desta grave enfermidade ou por liderar o ranking das taxas de mortalidade por causa dos infartos de miocardio. Ademais de compartirmos unha estrutura socio-demográfica moi parecida, as dúas provincias tiñan un uso da unidade de hemodinámica en horarios de xornada laboral ordinaria, de 8 a 15 horas, ata o anuncio da ampliación ata as 22 horas en febreiro do ano pasado, despois das mobilizacións e denuncias políticas. Porén, esta ampliación seguía a ser insuficiente se temos en conta que en Pontevedra e A Coruña teñen o servizo durante as 24 horas. Xa se indicou no seu momento que son numerosos os estudos científicos, mesmo da propia Sociedade Española de Cardioloxía, que vincula o uso destas unidades co éxito do tratamento e prevención do infarto agudo de miocardio. Sen embargo, en Ourense para ser tratado na unidade de hemodinámica do CHUO, coa rapidez que estes casos requiren, ten que che dar un infarto en horas de servizo da unidade. A opción que lle queda a calquera persoa desta provincia, fóra do horario actual, afectada por esta doenza é que a trasladen a Vigo. Os primeiros datos do Rexistro de Infartos, o REGALIAM, din que, tanto en Ourense como Lugo, o tratamento da crise coronaria mediante hemodinámica está unha hora por riba do recomendado. Polo tanto, a pesares de contarmos cun servizo que, a pleno rendemento, podería evitar as complicacións das síndromes coronarias agudas e, polo tanto, diminuír a incidencia desta patoloxía cardiovascular e mesmo a alta mortalidade por esta causa que é a segunda, lémbrolles, os ourensáns e as ourensás corremos un maior risco ante estas doenzas coronarias por mor do noso lugar de residencia. Está amplamente demostrado que a hemodinámica de proximidade e a cirurxía de urxencia, en caso de isquemia coronaria aguda, evita que o suceso derive nun infarto coas complicacións que leva aparelladas; ademais do risco mortal inherente. Estamos, xa que logo, ante un caso manifesto de discriminación cara á nosa provincia á que non se lle pon remedio pese a termos a unidade implantada dende o ano 2009 e o compromiso firme do goberno do PP dende o 2011 que entrou o señor Feijóo na Xunta de Galicia, momento no que se aprobou, no Parlamento galego, por unanimidade unha moción do Grupo Socialista para garantir o funcionamento da unidade as 24 horas do día. A todas luces estamos ante un caso flagrante de agravio comparativo cara á nosa provincia e aos seus habitantes, posto que o risco vital é

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

directamente proporcional ao tempo de demora na intervención da urxencia. Ese agravio vese incrementado desde que, este ano, se anunciou que a unidade de Lugo pasa a funcionar, este mesmo mes, este mesmo luns, as 24 horas. Ourense pasa a ser a única das provincias galegas sen ter o servizo completo na súa unidade de hemodinámica. Dito noutras palabras, ata para evitar o risco de morrer por esta enfermidade, hai que ter en conta o código postal, é dicir, onde residimos. Hai moito tempo que denunciámos que se trata dunha marxinação cara a Ourense que pode ser evitada e emendada dende a vontade política real. Hai un ano, o grupo maioritario nesta Corporación bloqueou a posibilidade de loitar de xeito unánime que os ourensáns e as ourensás teñamos os mesmos dereitos sanitarios, en pé de igualdade, de toda Galicia. Ó tempo, insistimos en rexeitar as escusas dun goberno autonómico que teima en cuestionar a idoneidade desta ampliación en base á súa rendibilidade para non ter que achegar recursos a un servizo que resulta decisivo na resolución exitosa do evento cardíaco e na calidade da vida posterior do doente. O goberno do PP na Xunta de Galicia dá sobradas mostras do seu afán por marxinar á nosa provincia – non sabemos por qué, *bueno*, mellor dito, si sabemos por qué - insistindo dende hai anos nos recortes sanitarios e impedindo que haxa unha equiparación co resto do país. Por todo o exposto anteriormente, solicitamos a aprobación das seguintes propostas de acordo:

*1.- Esixir da Xunta de Galicia, de maneira inmediata, a implantación do servizo de hemodinámica 24 horas, os 7 días da semana, no Complexo Universitario de Ourense.*

*2.- Que a Deputación de Ourense esixa da Xunta de Galicia, da Consellería de Sanidade e do propio SERGAS que poña fin á discriminación á que teñen sometida a Ourense en materia de servizos sanitarios.*

A esta moción presentou o Partido Popular unha emenda de substitución que di:

*1.- Que logo da oportuna avaliación pola Comisión REGALIAM, ao ano de funcionamento da ampliación do horario, se así se determina, se implante no Complexo Hospitalario de Ourense, un modelo asistencial que garanta a asistencia na Área de Hemodinámica durante as 24 horas, todo iso durante o ano 2019.*

Quero resaltar no primeiro punto que, logo da oportuna avaliación - é dicir, estamos ante a primeira condición- se así se determina – estamos ante o segundo condicional - se poña en marcha durante o ano 19.



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

*2.- Pór en marcha os mecanismos oportunos para abordar a formación de equipos multidisciplinares na Área de Hemodinámica de Ourense, para o inicio de actividade no menor tempo posible, todo iso dentro do 2019.*

Creo que este asunto foi amplamente debatido no Parlamento de Galicia, non a semana pasada, senón xa por enésima vez e me parece que vostedes alí non aceptaron unha negociación en extremis onde se demandaba o que se demandaba. Polo tanto, como cremos que isto é unha cuestión de vontade política, señoras e señores do Partido Popular, máis aló da eficiencia, da dispoñibilidade e de todo o demais; é unha cuestión de vontade política, é unha cuestión de que loitemos para que isto sexa unha realidade máis pronto que tarde, queremos que se retraten publicamente. Nós non vamos a aceptar esa emenda e vamos a tratar a moción tal cal a presentamos neste plenario. De momento, nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** grazas señor presidente. Antes de nada eu creo que vamos botar de menos, sobre todo supoño que o señor Rosendo, a Isabel Gil que é a voceira habitual neste tipo de mocións relacionadas coa sanidade; á que por certo aproveito para mandarlle os meus mellores desexos de que a situación, que fixo que hoxe non puidera estar aquí, se solucione favorablemente. En calquera caso, a voceira do Partido Socialista, a compañeira Elvira, xa fixo unha brillante defensa da exposición de motivos. Indo ao tema, a historia da demanda da hemodinámica en Ourense, teño que ser así de claro e así de contundente, é a historia da desvergoña e da hipocrísia do Partido Popular. De nada nos ten servido aos ourensáns e ás ourensás que a cidade estea gobernada polo PP e que tamén teñan vostedes a maioría en todas as institucións. Ourense lidera en Galiza a taxa de mortalidade por infarto de miocardio por cada 100.000 habitantes, cunha porcentaxe do 59,7. Esta cifra sitúa á provincia 27 puntos por riba da media estatal. Na actualidade o servizo de hemodinámica, xa se explicou aquí, do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense soamente está dispoñible en horario de 8:00 a 15:00, horario de oficina, de luns a venres, o que provoca centos de traslados a Vigo que é o centro de referencia cando o servizo non está activo. O criterio das e dos profesionais na materia é unánime ao sinalar que a atención inmediata nos infartos aumenta as posibilidades de supervivencia, polo que non se entende que os criterios que foron aplicados no resto de provincias, non sexan

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

aplicados tamén e aplicables tamén, no caso de Ourense. Coñecida, recentemente, a nova de que o Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, contará con servizo de hemodinámica as 24 horas como reivindicaron persoal sanitario, forzas políticas e usuarios/as durante anos; dende o BNG non podemos, dende logo, máis que darlle os parabéns á veciñanza de Lugo. Esta é unha vitoria das persoas e forzas políticas que non se resignaron diante da discriminación que sofre o interior do país e que vén de conseguir a rectificación por parte do Partido Popular, sexa cal sexa a motivación fonda da súa decisión. En todo caso, é unha inxustiza sen comparación que o Hospital de Ourense continúe sen hemodinámica 24 horas e que o anuncio da ampliación de horas non inclúa esta outra instalación. Unha vez máis, queremos recordar que falamos de salvar vidas, xa se dixo aquí e creo que todos o temos absolutamente claro. Unha persoa non pode escoller ter un infarto en horario laboral e, por tanto, é un servizo de primeira necesidade; non é un luxo ou un complemento prescindible e non se pode permitir que, dependendo de onde vivas, teñas máis ou menos probabilidades de supervivencia. A política sanitaria do señor Feijóo ao fronte da Xunta, ao longo destes anos, está poñendo contra as cordas á sanidade pública, e estámolo vendo todos os días, e tal e como amosan as denuncias de forzas políticas, persoal sanitario, doentes, está tamén a agudizar a fenda interior - eixo atlántico dunha maneira desproporcionada e inxusta e non se pode permitir que non se garanta o acceso aos servizos sanitarios en condicións de igualdade, que sigamos perdendo mentres outros territorios melloran. O único que pedimos e por iso vamos a votar, dende logo como non pode haber outra opción, a favor desta moción do Partido Socialista, é que Ourense sexa igual e tamén reciba este servizo de hemodinámica 24 horas. De momento, nesta primeira intervención, nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** grazas de novo. Como tamén xa se dixo, esta é unha cuestión repetitiva; ás veces temos a impresión de ter esa sensación de *lo ya visto, déjà vu*, porque practicamente xa fai meses que se debateu isto e os argumentos basicamente son os mesmos, incluídas as emendas do Partido Popular e incluído, posiblemente, o que dirá posteriormente o señor Rosendo. A única novidade esencial é que noutra cidade conseguiron o servizo, como dixo o portavoz anterior, despois das presións pertinentes e despois das esixencias pertinentes. Loxicamente manterémonos na postura. É lóxico que un servizo como este estea dispoñible 24 horas, 7 días na semana, 366 días os anos bisestos (365 os outros) e o que non pode ser é que, como se falou aquí, o dereito á asistencia

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

sanitaria de emerxencia dependa do código postal, a discriminación do código postal. Fálase moito das discriminacións asociadas ao código xenético que determina o sexo e a cor da pel e falase bastante menos pola discriminación determinada polo código postal na que Ourense leva a palma, como xa se falou nas mocións anteriores cando se falou dos orzamentos. Aquí, unha vez máis, estamos co mesmo tema. O segundo punto da proposta do Grupo Socialista fala da discriminación asociada, concretamente, ao asunto sanitario; pero nós sabemos que esa discriminación é practicamente endémica, estrutural, global e, dende logo, como o caso concreto, o caso particular, a discriminación que se sofre no ámbito sanitario é máis sangrante incluso e máis indignante. Votaremos como estimamos lóxico, non me gusta dicir como o que é lóxico; non, estimamos lóxico votar a favor dos dous puntos. Nada máis, grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas presidente. En primeiro lugar, efectivamente, espero que o problema familiar de dona Isabel Gil, tal e como anunciou a señora Lama, se recupere canto antes e o máis felizmente porque de seguro que estaría ela debatendo este tema. Era, iso si que era estraño, que non se falara de sanidade e non se falara de discriminación e recortes. Xa o teño dito todas as veces, aparece aquí, o que pasa é que xa o van botando máis abaixo, aparece no cuarto *renglón*; xeralmente aparecía no primeiro, a última vez aparecía no segundo e agora xa vai no cuarto. Eu só dicirlle, mire, acaban – hai dous anos - de investirse 50 millóns de euros en infraestruturas, hai anunciada outra nova. Bendita discriminación e benditos recortes! *Bueno*, vostedes sigan. Pero, señoras e señores deputados, sobre todo os socialistas e, en xeral, os da oposición, pídolles que sexamos claros e que sexamos responsables nos comentarios que facemos en temas de patoloxías, en temas de enfermidades, que calquera de nós, como é no caso que estamos debatendo, é susceptible, calquera dos factores de risco que cada un poda levar enriba. Xa me referín o 26 de xaneiro, efectivamente señora Lama vai facer dentro de catro días un ano, ao REGALIAM, daquela parecía que non sei..., andaban co INE, reprocháballes coas estatísticas do INE, non, fíxense vostedes máis no REGALIAM que xa existe. Ademais, o REGALIAM, achega datos científicos, base científica e non está suxeito aos vaivéns políticos. Non está suxeito porque o Rexistro Galego do Infarto de Miocardio, que é o REGALIAM, achega toda a información sobre a síndrome coronaria aguda e sobre o infarto agudo de miocardio nas catro provincias galegas. Entre os datos que recolle este rexistro, REGALIAM, figuran os tempos nos que se tarda en acceder a unha sala de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

hemodinámica, unha vez diagnosticado ese síndrome coronario agudo, para unha realización, xa sexa para poñer, implantar un stent ou para facer unha angioplastia. Estes datos, xunto con outros que se poden comprobar neste rexistro, recollen que para a provincia de Ourense unha media en minutos, que é o tempo transcorrido dende o electrocardiograma diagnóstico ata que se fai a apertura da arteria responsable do infarto, ofrece variacións, pois van dende – dío o REGALIAM, eu só o anuncio aquí - van dende os 96,5 minutos que era no ano 2015 ata os 88 minutos no ano 2019. Hai que facer fincapé nisto porque, efectivamente, o tempo é básico. Este rexistro, seguimos falando do REGALIAM, serve para avaliar a necesidade de implantación de recursos asistenciais na área e, ao mesmo tempo, para garantir a súa cobertura durante o tempo axeitado para este tipo de patoloxías e nesta situación, que pasa? Pois que unha vez implantadas as áreas de hemodinámica en Ourense e Lugo a comisión do REGALIAM, non os políticos, senón a comisión do REGALIAM que está composta por 7 cardiólogos especializados das diferente EOXIS, valorou ampliar a cobertura asistencial ata as 22 horas nas provincias de Ourense e Lugo. Por certo, señor Rodríguez Suárez, non é horario de oficina – anunciou de 8:00 a 15:00 - creo que ten un erro, anúnciollo porque fala de horario de oficina e aquí os médicos nunca teñen horario de oficina, en todo caso teñen un tempo de cando entran, pero nunca saben cando saen porque non deixan nunca as cousas a medio facer. Vostede fala de horarios de oficina despectivamente e nin horario de oficina é. Actualice os seus datos. Así, o Complexo de Lugo con data 27 de febreiro de 2018 (un mes despois de estar debatendo aquí) ampliou o funcionamento ata ás 22 horas; ou sexa, Lugo hai un ano, e non porque llo dixeran os políticos de Lugo, e menos os de Ourense, é porque a comisión do REGALIAM dixo que era necesario. Que pasa co Complexo Hospitalario de Ourense, co CHUO? Pois ampliou tamén a cobertura ata as 22 horas, pero fíxoo en setembro, concretamente o 17/09/2018; polo tanto, dende setembro ata xaneiro, último de xaneiro, non actualizou os seus datos o señor Rodríguez Suárez. Actualíceos. Recentemente sabemos que a comisión do REGALIAM, logo da avaliación do funcionamento da sala ata ás 22h durante un ano e tendo en conta a formación dos equipos multidisciplinares – que son moi importantes señora Lama - un equipo multidisciplinario como é para a atender a un infartado agudo ou a unha síndrome coronaria non é por unha máquina de churros que van saíndo o primeiro minuto e non fai falta adestrar nin completar a formación de nada, non, é diferente, sabe? Mesmo aquí, se quixeramos o nos puxésemos de acordo, *hai que ir pola mañá*, pois non se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

podería, a sala está pero non se podería porque ten que estar o persoal formado. Pois o que estaba dicindo, que despois deste estudo autorizou que, dende mediados de febreiro do ano en curso a sala de hemodinámica, está operativa as 24 horas. Pero claro, Lugo empezou en febreiro do 2018 e Ourense empezou en setembro de 2018. Por todo isto, e tendo a importancia que ten o tema para a provincia de Ourense, claro que a ten, este Grupo de Goberno Provincial do Partido Popular propón esa emenda de substitución que xa se referiu a ela a señora Elvira Lama e non lle gusta; pois a min gústame porque, aínda que a vou anunciar, quere dicir e a interpretación é esta, en *román paladino*, que queremos hemodinámica as 24 horas neste ano 2019 cos equipos formados. Polo tanto, a emenda de substitución di:

*Que, logo da oportuna avaliación pola comisión de REGALIAM (non por vostede nin por min, nin polo político de turno, senón pola comisión científica do REGALIAM) ao ano de funcionamento da ampliación do horario (xa dixemos que empezara en setembro), se así se determina, se implante (se así o determina o REGALIAM) no Complexo Hospitalario de Ourense un modelo asistencial que garanta a asistencia na Área de Hemodinámica durante as 24 horas e todo elo durante o ano 2019.*

E pór en marcha os mecanismos oportunos para abordar a formación de equipos multidisciplinares na Área de Hemodinámica de Ourense, para o inicio da actividade no menor tempo posible, todo elo dentro do ano 2019. Claro, conciso, rotundo e aseverado. Nada máis e moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas señor presidente. Mire, señor Rosendo e señor vicepresidente e, neste momento, o que defende esta moción, eu non son especialista, non son médico, efectivamente gustárame que estivese aquí a miña compañeira que é profesional do ramo como vostede, seguramente entende bastante máis de tempos, de patoloxías e das necesidades dos servizos sanitarios. Eu sinxelamente son usuaria, de vez en cando paciente, aínda hai unha semana tiven que estar alí por cuestión do que se ve evidentemente. Por certo, as carencias e as deficiencias púidenas observar en urxencias o día que fun alí a que me coseran este dedo; é dicir, que te senten nunha *camilla* como as de fai, que recordo eu, fai 50 anos cando ía eu ao médico alí en Xinzo, que che poñan unha táboa de madeira debaixo do cu e despois che poñan a man alí para coserte, home!, non estamos en África, pero pouco nos queda para parecernos a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

algúns hospitais os medios con que conta e os recortes que están vostedes a practicar na sanidade pública, pagada con cartos públicos. Ben, dito isto. Xa é a segunda vez que demandamos nesta institución que se poñan vostedes do lado dos ourensáns, a quen servimos por certo, e non da man do Partido Popular que nos quere enganar, outra vez, con estudos, con informes, con comisións expertas na materia e, como din, desa comisión do REGALIAM que non sei canto tempo ten que pasar, un ano, dende que se ampliou o horario ata as 10 da noite para que teñan que valorar se temos dereito ou non a ter 24 horas, 365 días, a unidade de hemodinámica en Ourense. O pasado 26 de xaneiro do 2018, señor Rosendo, unha moción, que demandaba de vostedes un acordo, foi xustificada para votala en contra – por vostedes - dicindo que tamén reclamaba o Partido Popular (como non) *máis servizos sanitarios, servizos sanitarios de calidade e tamén quere e demanda a hemodinámica as 24 horas; ao tempo, iso si, que esixe unha xestión eficiente dos recursos públicos aos nosos xestores porque o que non é eficiente é despilfarro*. Eu fágolle unha pregunta, é a vida humana dun infartado un despilfarro, señor vicepresidente? Naquela intervención na que nos contou cómo e cándo foi creado o REGALIAM e para qué serve, dixo tamén: *polo tanto, estamos guiados por criterios científicos, sanitarios, obxectivos e de eficiencia na xestión*. Mire, señor Rosendo e señores do Partido Popular, a eficiencia na xestión, cando se trata de tempo na resposta, está en salvar a vida do paciente, ou non salvala; está en se as lesións que quedan, despois dunha crise de miocardio aguda, son reversibles ou non o son. En definitiva, cando cada un dos pacientes sobrevive e como lle vai afectar na súa vida diaria. Díganlle vostedes, cara a cara, a quen perdeu un familiar por este motivo que vostedes non fixeron todo o posible para que a unidade de hemodinámica estea funcionando en Ourense, como si a teñen en Lugo. Mire, eu tamén leo bastante en internet, cando teño tempo, e onde podo e di algún cardiólogo: *tras la aparición de los primeros síntomas, lo que hay que hacer es correr, destacaba el jefe de una Unidad de Cardiología*. E só un terzo das persoas que sofren un infarto poden ser atendidas no tempo recomendado de 120 minutos; tempo de resposta que só se está a cumprir en dous ou tres hospitais públicos galegos. Polo tanto, señor vicepresidente, señores do PP, non se escondan debaixo de estatísticas nin de rexistros do REGALIAM, porque onde non queren estar os ourensáns é no rexistro de defuncións do xulgado, é aí onde non queren estar! Quédalle claro? De momento nada máis.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Home, eu falei de horario de oficina, ao mellor un pouco en termos así coloquiais, pero mire, señor Rosendo, teño aquí unha noticia, desta semana, cando se nos informaba de que comezaba a atención a infartos as 24 horas en Lugo, e que Ourense reclamaba o mesmo tratamento e ten aquí un pequeno apartado de hemeroteca e a verdade é que é bastante, a vostede que lle gustan as hemerotecas, é bastante ilustrativa. Mire, aquí fala que *o horario de oficina da Unidade Infartos en Lugo impediu tratar a 3 de cada 4 doentes*. Isto que estamos falando, que lle vou a explicar para Lugo, é absolutamente trasladable para o caso de Ourense porque estabamos nas mesmas condicións. Outra noticia da hemeroteca, tamén do ano pasado, de febreiro do 2018: *o relato en primeira persoa de ter un infarto en Lugo fóra de horas de oficina. Tiven sorte de aguantar a viaxe á Coruña*. Despois trae unha noticia que tamén é moi reveladora de como funciona o seu goberno, de como funciona o Partido Popular na Xunta, de como funciona especificamente o señor Feijóo (que, dende logo, podería gañarse a vida de calquera maneira, menos de adiviño) porque di: *o SERGAS tratará os infartos as 24 horas 8 anos despois de prometerlo* Feijóo -home, xa tivo tempo!-, *despois de máis de 7 anos de mobilización veciñais e políticas*. Aquí está a clave, *despois de máis de 7 anos de mobilizacións veciñais e políticas*. Mire, señor Rosendo, o que resulta indignante é que o Partido Popular volvese vetar na Cámara que a cidadanía desta provincia dispoña dun servizo, dun servizo sanitario, en condicións e que deixen de ser tratados como cidadáns de segunda e tamén é indignante que vostedes o vaian a vetar hoxe. Trátase dunha demanda que pode salvar vidas, nunha provincia que ten a media de idade máis alta de Galiza, por riba dos 50 anos, superior á media estatal e, polo tanto, un factor de risco innegable. Ourense sofre a taxa de mortalidade por infarto de miocardio máis alta do país; de feito en 2017, morreron 142 persoas por infarto agudo de miocardio na provincia. Nunha sociedade avanzada non se pode alegar que as cifras de vítimas mortais eran aínda máis altas no pasado. Un goberno responsable debe preguntarse se fai todo o que pode e se a xente desta provincia conta cos mesmos recursos sanitarios que o resto do país e a resposta, obviamente, é non, e estamos falando de vidas humanas, de xustiza social e de que unha persoa non teña, como xa se dixo aquí tamén, máis papeletas para morrer simplemente polo feito de ser de Ourense. Entón, nós, e remato, desde o BNG, primeiro o que lle reclamamos é, en primeiro lugar sería, que vostedes lle deran unha desculpa aos cidadáns desta provincia e logo, e xa indo ao terreo máis práctico, unha data

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

concreta para a posta en marcha do servizo hemodinámica 24 horas. Parécenos moi ben que Lugo o teña xa, pero o que nos preguntamos e por que Ourense non? Porque queremos, e remato, que calquera persoa deste país, como xa se dixo e como creo que coincidiremos todos, teña as mesmas posibilidades de sobrevivir se ten un infarto independentemente de cal sexa o seu lugar de residencia. Nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** os meus compañeiros que me precederon faláron xa bastante do asunto. Creo que non vale a pena incidir na necesidade de que os cidadáns teñan asistencia desta clase 24 horas ao día, etc... Soamente comentar que a nós fainos moita graza que o Partido Popular por un lado eluda as responsabilidades políticas, delegando esta clase de decisións nun comité técnico, REGALIAM; pero o que dicía Napoleón: cando non queiras solucionar un problema, crea un comité, ou delega nun comité. Nós pensamos que esta decisión é fundamentalmente política, Ourense necesita ese servizo como as demais cidades. Despois, o segundo truco é *difuminar* o contido da moción. En vez de debater, en vez de dicir que o Partido Socialista, neste caso, equivócase nisto, naquelo, no outro; non, o que fai é cantar as excelencias da súa emenda. Pon unha emenda que *difumina* o contido da moción e despois canta as súas excelencias; entre elas unha obviedade como a que é que se necesitan equipos formados para atender o servizo. Iso xa se dá por suposto e iso tamén entraría dentro das responsabilidades políticas. A nós parécenos realmente curiosa esa actitude que ten o Partido Popular de en vez de tirar pola cidade, en de apoiar, neste caso, a un partido da oposición dándolle... porque podía dicir: *bueno, teñen todos a razón, pero vamos a intentar, vamos a presionar, vamos a ver se se pode facer... non, balones fuera*. Isto é decisión dun órgano técnico, REGALIAM, aquí a política non ten nada que ver (cousa na que nós non estamos absolutamente nada de acordo) e despois unha cuestión como que fai falta equipo humano, iso é como se di que fai falta ambulancias, iso xa se dá por suposto. Esa actitude, digamos, de sometemento de servidume ao goberno da Xunta, de que temos que conformarnos co que nos cae, de que ao fin e ao cabo podemos cumprir cos tempos de atención... a nós parécenos unha actitude que non debería ser propia dun goberno provincial como neste caso. Reiterar que votaremos a favor e reiterar que esperamos que dentro dun ano, se é que estamos aquí, ou non estamos, ou quen estea, non haxa que volver outra vez a tratar o tema, porque xa non sei cantas veces leva vido este tema aquí. Nada máis, grazas.



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular:** si, grazas presidente. Señora Elvira Lama, tranquila, *el afán de las cosas aun más claras y preocupantes, debe ser pausado y reposado*, que con alterarnos non pasa nada. Mire, este grupo de goberno é consecuente e ademais é responsable; non nos escondemos nin farrapos de gaitas. É máis, en xaneiro, o 26 de xaneiro do 2018, estabamos debatendo aquí, conseguimos?, pois conseguimos ampliar o horario, fóra dese horario de oficina que dicía o señor Rodríguez Suárez; ampliando ata ás 22h. Efectivamente, é susceptible, como non!, que de 22h a 9 da mañá, ou a 8 da mañá, tamén poida haber infartados. Niso estamos. Tamén lle recordo, o que é eficiente é eficiente, defínao como eficiente. O que non é eficiente leva consigo o *despilfarro*, pero é que iso é así; o que non é eficiente leva consigo o *despilfarro*. Se algo ten e define o sistema sanitario, e sobre todo os que fomos xestores, é que o primeiro que hai que achegar é eficiencia e calidade ás prestacións que se fan sanitarias. É que é así, non é doutra maneira e non trate vostede de envolvelo e dicir que eu falei de *despilfarro*. Falei que o que non é eficiente, leva consigo o *despilfarro* e punto. E o que queremos é uns servizos sanitarios de eficiencia e de calidade que é ao que nos obrigan os contribuíntes. Segundo: nós non vamos a vetar nada con esta emenda, todo o contrario. Estamos solicitando, queremos hemodinámicas as 24 horas do día no ano 2019, é o que queremos. Non vamos a vetar absolutamente nada. Señor Rodríguez Suárez, mire estaba atento eu e vostede caeu na trampa. Estaba atento porque unha parlamentaria o outro día, hai uns días, en Santiago, no Parlamento de Galicia, dixo que Ourense era na que máis taxa, na que máis incidencia había – dixo incidencia - de mortalidade por infarto de miocardio. Mentira! Pero mire, estoullo dicindo, mentira! Porque claro, se fala de taxa bruta, claro que é a que máis; pero para que non sexa taxa bruta, hai que axustar por idade. Entón, fale vostede con propiedade. O outro día meteron a pata, vostede escoitouno e dixo que ben vai quedar isto para defender esta moción, que dicir que Ourense é a que máis mortalidade ten dos infartos. Mentira! Porque fala de taxa bruta. Polo tanto, señores, pídolles e pedinlle ao principio desta iniciativa que foran responsables e que falaran con certos miramentos e sensibilidade sobre unha patoloxía que podemos ter todos. En Lugo, señor Ojea, foi o REGALIAM, non os políticos, os que decidiron primeiro ata ás 22h e a partir deste mes, ás 24. Non foron os políticos, foi o rexistro do REGALIAM; temas técnicos, científicos. O mesmo que esperemos que achegue aquí e nós esiximos, iso si xa como políticos, que non pase deste ano. Polo tanto, non estamos vetando absolutamente nada. E dígollo e repítolle

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

unha vez, non falen de discriminación, non falen de recortes porque se acaba de investir máis de 50 millóns de euros en infraestruturas e xa están anunciadas xa máis infraestruturas. Se é así como é, benditos recortes, bendita discriminación. Eu o que lles pido é que se adhiran porque sería, ademais, con máis forza, con máis poder, con máis convicción, esixirlle á Xunta de Galicia que no 2019 teñamos xa as 24 horas, a sala de hemodinámica, disposta ás 24 horas, valga a redundancia. Ollo, e co equipo multidisciplinar totalmente adestrado. Falaba o outro día un eminente político, señor presidente, *é que claro, eu quero que me atenda un equipo que teña as mans adestradas*. Pois si, é o que queremos, que teña as mans e os coñecementos adestrados porque son equipos moi específicos para este tema e cunha aprendizaxe moi específica. Nada máis e moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Señor Rosendo, defensor desta moción, cando falo alterada non é porque me altere *per se*, falo, en certo modo, cabreada. Cabreada de ver que non son capaces de entender nin de aceptar propostas que son beneficiosas para o conxunto da poboación desta provincia; iso é o que realmente me cabrea. E que estean vostedes a defender a postura do Partido Popular que é quen está gobernando a Xunta e que é quen ten que solucionar este problema; iso é o que me cabrea. Altérame e cabréame. Dito isto, di que *en eso estamos*. Iso, Ramiro, sóame a que no Concello, tamén, de Xinzo, niso están e nunca están en nada. Fálame de que a eficiencia non pode ser *despilfarro*. *Oiga*, mire, a sanidade é un servizo público que non ten porque ser rendible, sabemos que é deficitario, moi deficitario, e cada vez máis porque a poboación, e sobre todo nesta provincia, cada vez está máis envellecida, necesita máis coidados, ten máis patoloxías e temos aínda encima unha poboación que está moi dispersa. Todo iso vostede quere disfrazalo en que si, no 2019, si, na comisión dos expertos, si, na comisión do REGALIAM... E agora nos vén a falar da taxa bruta! Que taxa bruta, nin que taxa....! Vamos a ver, aquí hai unha taxa, os que viven e os que morren por un infarto! e nada máis. Iso é o que hai. Mire, voulle a dicir unha cousa, este tema xa foi tratado por quinta vez no Parlamento de Galicia, repito; negociado *in extremis* e a nosa proposta, a proposta do Partido Socialista era: *o Parlamento de Galicia insta á Xunta a implantar, antes de xuño do 19, o servizo de hemodinámica 24 horas no CHUO; co fin de respectar os principios de equidade, seguridade dos pacientes* –que é o principal- *Para elo, poñer en marcha de maneira inmediata todos os mecanismos oportunos para abordar a formación*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

*de equipos multidisciplinares na área de hemodinámica de Ourense. Esa foille a proposta; por certo, que vostedes rexeitaron porque querían propoñer o seguinte: reforzar a Unidade de Cardiología do CHUO, garantindo a formación e o adestramento do equipo multidisciplinar para, logo da oportuna avaliación pola Comisión REGALIAM e cumprindo – despois - un ano de funcionamento dende setembro do 19 en horario ata as 22 horas – como ben acaba de aclarar - implantar un modelo que garanta a formación asistencial na sala de hemodinámica as 24 horas. Mire, en linguaxe de andar pola calle, isto quere dicir que os ourensáns van ter que seguir esperando ata setembro para que, despois, analice os datos a comisión do REGALIAM e logo, se tal, pasa outro ano máis mentres o que teña a mala sorte de vivir, alá, en Quereño, Miguel, no Barco de Valdeorras ou no Riós, chaman á ambulancia (esa é a realidade), chaman á ambulancia, vano buscar alí ao seu pobo, chega ao hospital de Verín ou do Barco. Se non hai ambulancia do 061, ten que esperar a que medicalicen unha ambulancia. Preparan a ambulancia, sae un 061 de Ourense, encóntranse no camiño, trasladan ao paciente dunha ambulancia a outra, chega a Ourense... Pasaron dúas horas, máis de dúas horas, e cun pouco de sorte se entra no CHUO entre as 8 da mañá e as 10 da noite, pode saír adiante e se pasa das 10 da noite ten que continuar cara a Vigo e con moita sorte alí será atendido, se chega con vida. Vostedes, señores do Partido Popular, señores do desgobierno nesta área e noutras moitas, son os culpables de todas as deficiencias que están a padecer os servizos sanitarios nesta provincia e non llo dicimos nós, dinllo os pacientes que son os que sofren en primeira persoa as calamidades que están a sufrir nestes servizos. Pero tamén o están a dicir os profesionais de todas as especialidades facultativas e todo o persoal sanitario que presta servizo nos Hospitais, nos Centros de Saúde e nos PAC desta provincia. O señor Feijóo, si, o presidente da Xunta, tiña que estar en Santiago para informarse do que di a xente que se manifesta polas rúas ateigando a praza da Quintana, o pasado día 10 de febreiro, para pedir o que lle corresponde e non estar en Madrid na praza de Colón ao carón do seu novo presidente do partido facéndolle carantoñas e novos mimos aos líderes da nova dereita. É alí onde hai que estar, a pé de rúa, escoitando aos cidadáns e os problemas que teñen e que é o que demandan. Vostedes, señores do Partido Popular, como xestores son cómplices das mortes pola nefasta xestión que están facendo coa sanidade pública. Vostedes están a xogar coa vida e coa morte dos cidadáns desta provincia, que é o que fan cando toman decisións deste*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

calado. Que lles costa aceptar esta moción que traemos aquí e poñerse do lado dos cidadáns desta provincia e dicir: queremos hemodinámica xa? Ah, dío vostede que é o técnico supremo da comisión REGALIAM, non é posible, ou llo din dende Santiago? Mire, o rexistro do REGALIAM ten conta, igual que todos os rexistros, dos datos que se meten alí, sabe? E o rexistro do SERGAS tamén ten conta dos datos que lle meten alí, que moitas veces os datos, todos sabemos como se meten. Vale. Todos sabemos como se meten porque non queremos ser números, non queremos ser estatísticas. E o que non queremos, señoras e señores do Partido Popular, é estar no rexistro onde non queremos estar – polo menos eu e parécemo que todos os que estamos aquí, nin ningún ourensán - no rexistro de defuncións do xulgado. Polo tanto, nós non vamos a aceptar a emenda de substitución que formulan e vamos a manter a nosa moción tal cal está presentada. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, deputado non adscrito:** grazas señor presidente. Quería xustificar, de novo, o meu voto. A min, a verdade, é que me pasa como o señor voceiro do BNG, boto de menos as instrutivas e acaídas intervencións da señora Gil e, porque non, os acalorados debates co señor Rosendo Fernández; debates de altura aqueles. Por certo, aproveito para mandarlle todo o meu cariño e aprecio á señora Gil, desexando que se solucione satisfactoriamente a situación que hoxe lle impediu estar aquí. Indo xa ao tema do voto, como esta é unha moción reiterativa, o meu voto vai a ser o mesmo que o de hai un ano nunha moción idéntica a esta e, como daquela, non quero para os ourensáns nin máis, nin menos que o que teñen outros habitantes das provincias galegas; polo tanto votarei a favor da moción. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (13), e o voto en contra do Grupo Socialista (6), de Democracia Ourensana (2), do BNG (1) e do deputado non adscrito (1).

A continuación sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (6), de Democracia Ourensana (2), do BNG (1) e do deputado non adscrito (1) e o voto en contra do Grupo Popular (13).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

Como consecuencia da votación anterior o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Que logo da oportuna avaliación pola Comisión REGALIAM, ao ano de funcionamento da ampliación do horario, se así se determina, se implante no Complexo Hospitalario de Ourense, un modelo asistencial que garanta a asistencia na Área de Hemodinámica durante as 24 horas, todo iso durante o ano 2019.

2.- Pór en marcha os mecanismos oportunos para abordar a formación de equipos multidisciplinares na Área de Hemodinámica de Ourense, para o inicio de actividade no menor tempo posible, todo iso dentro do ano 2019.

**12º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN VELÓDROMO EN OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** gracias, muchas gracias, todavía presidente. Plácido se va. Oye, Plácido, tienes el dedo mal, ya lo dije antes, ese dedo lo tienes así porque fue el que designó a Santi Rodríguez de número 2 del PP. Fue ese dedo el que lo designó. Por cierto, voy a decir una cosa de Fraga que habla aquí; resulta que se marchó del Partido Socialista, dimitió como Montse Lama, y está aquí en una esquina, lo tienen aquí relegado y tiene la prerrogativa de poder hablar y decir antes..., es realmente el último que habla. Después de que se expone la moción, realmente quien tiene la última palabra es él para decir qué vota. Esto parece realmente, un poco, aquel juego del Un, dos, tres, don Cicutu. Habla al final de todo y es un poco el que dictamina. Hace un poco como los de la revisión del VAR. O sea que realmente es una prerrogativa que sale ganando en eso. Bueno, vamos ya con el tema. Lo que nosotros proponemos hoy es algo que el Partido Popular defiende, pero cuando lo propone Democracia Orensana dice que no. Dicen que son fundamentales instalaciones deportivas en Orense por el tema de que es vital. Entre otras cosas, de lo que se beneficia la población, dice que son fundamentales las instalaciones deportivas por el tema del turismo deportivo; entonces justifican grandes inversiones que han hecho en Laias (que es un tema privado), por el tema de Castrelo de Miño, de muchas cosas porque dicen: no, es que el tema del turismo es muy importante. Y resulta que en el Concello de Orense ha votado en contra de lo que nosotros proponíamos del tema de hacer un velódromo en Orense o, aquí, la Diputación ya votó en contra de pedir a la Xunta de Galicia

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019**

para que haga un circuito de automovilismo. Pero ojo, es que en la comisión, el Partido Popular – en la comisión de esta moción - ya votaron que no y anticiparon que iban a votar que no a esta moción. ¿Qué es lo que pide Democracia Orensana en esta moción para Orense? Pedimos que se inste a la Xunta de Galicia -pues la Xunta de Galicia discrimina a Orense, que haga una inversión para hacer, obviamente, una discriminación positiva en Orense - para construir un velódromo. ¿Qué características tendría este velódromo que nosotros pedimos? Pues vamos a ver, no queremos que este velódromo sea para competición, donde realmente son 4 o 5 federados los que compiten porque realmente eso sería, un poco, tirar el dinero. Nosotros lo que queremos hacer es un velódromo para que lo utilicen los ciclistas amateur, todos los amantes de la bicicleta que tienen miles y miles en Orense. ¿En qué consistiría? Pues resulta que, en los meses de invierno, los ciclistas hacen muchas horas de bicicleta en carretera debido al clima y debido también, obviamente, a que hay menos luz, a partir de las cinco y pico ya no pueden salir, no vemos a bicis de carretera ni de montaña con faros, como se veían antes las BH; es decir, cuando no hay luz no salen, ni tampoco llevan una luz en el casco como si fueran unos mineros, entonces en temas de luz no salen. Entonces, ¿qué ocurre? En invierno muchos tienen que hacer rodillo, hacer bicicleta estática o simplemente no salir; cuando llueve, lo mismo. Entonces el velódromo sería una instalación fundamentalmente para utilizar con las inclemencias del tiempo y sería para ciclistas amateurs para poder rodar, obviamente, con luz y protegidos de la lluvia y además con seguridad, porque accidentes cero. Además, en la parte interior del velódromo se podría crear una infraestructura para que fueran incluso las familias con sus niños, para hacer bicicletas de diversos circuitos, de desniveles BTT, etc..., es decir, se podría aprovechar el interior. Sería una infraestructura que tendría miles y miles de usuarios, ojo, a nivel amateur. Es una idea que la hemos comentado en Orense y eso se ve por la estadística; por ejemplo, la inclusión de Santi Rodríguez ahora en el número 2 del PP, ya se sabe cómo va a salir porque si nosotros vemos los comentarios en el Facebook de Democracia Orensana o en el Facebook de *La Región*, quien soltó esa noticia, vemos que el 95% es en contra, el 90 y pico es en contra. Entonces ya te das cuenta que Santi Rodríguez en el PP es lo que yo llamo, un resta - votos; lo que fue Valcárcel cuando lo llevasteis en el año 2011 al Concello de Orense. Valcárcel es un resta - votos y Santi Rodríguez es un resta - votos y ahí se ve. Nosotros hemos soltado esto en internet y el 90 y pico por cierto, a toda la gente, pues le parece una idea genial. Luego decía el PP en el Concello de Ourense, recuerdo, y Ourense en

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

Común es que los ciclistas no demandan esto. Algo realmente alucinante. No es una demanda, ¡hombre! Tampoco era una demanda el parque acuático y cuando se puso, todo el mundo estaba de acuerdo con ello. Entonces, es una idea fenomenal que solo tiene a los burócratas que obstaculizan este tema. Nosotros, yo voy a ser alcalde de Orense a partir de mayo y les aseguro que haremos un velódromo. Lo ideal es que lo pague la Xunta de Galicia, si no, obviamente, lo pagará el Concello con sus recursos. Y tengo que decir una cosa, en este caso nosotros pedimos que el Partido Popular se posicione y pedir a la Xunta que lo financie y lo que me llama la atención, porque ya han anticipado ustedes el sentido del voto en la comisión, es que ustedes dicen a la Xunta que no, que no mande dinero para Orense. Yo realmente...es algo que es para alucinar y espero que esto le pase factura en las elecciones

A continuación prodúcense as seguintes intervención.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Eu vou a facer unha intervención moi breve. Vou a aproveitar o argumento que moitas veces se utiliza por parte de Democracia Ourensana e como estamos pedindo algo para Ourense, nós estamos de acordo e parécenos ben e vamos a votar a favor. Nada máis. grazas.

**D. Adolfo González Nóvoa, portavoz do Grupo Socialista:** si, grazas señor presidente. bos días a todas e a todos. Respecto á moción que nos presenta hoxe Democracia Ourensana para a construción dun velódromo en Ourense, entendemos, ou queremos entender, que é ou pode ser na contorna da cidade de Ourense; ou referímonos – porque iso non o temos claro - se é para a provincia de Ourense ou só é para que isto só estea no concello de Ourense. Entendemos que isto, de momento, está sen decidir. Ademais disto, que despois igual me estenderei algo máis, entendemos que hai moitas cousas sen aclarar con respecto a esta moción e esperemos que na segunda parte da intervención do proponente da moción que nos aclare algúns temas que nos entendemos que son fundamentais para poder decidir o noso voto. De momento nada máis e moitas grazas.

**D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular:** moitas grazas presidente. Bos días compañeiras, compañeiros e a toda a xente que nos segue aquí. Eu voume acordar hoxe dos do Grupo Popular que sempre están aí, sempre están traballando e axudándonos aos que estanos deste lado; así que bos días tamén para eles. E para os ilustres notarios da actualidade, parafraseando a un ilustre oriúndo de Salvaterra, de corazón da Merca e hoxe por todos aludido. E nomeando a Rosendo débome acordar, como non, da súa compañeira e, por

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

suposto, desexarlle, tamén, como non, o mellor para os problemas que teña, que se solucionen do máis inmediato posible. Creo que vou tardar máis en saudar que en contestar. Vou a copiarlle a Ramiro e aos nosos compañeiros portavoz do PSOE hoxe un non. E hoxe é un non porque é unha moción, dicía o portavoz do PSOE, que esperábamos que aclararan e aquí non aclarou nada; é unha moción de precampaña na que non se concreta absolutamente nada, non se define nin sitio, nin lugar, nis custe. Polo tanto, é unha moción de alguén que non goberna, co único fin de captar votos. E como ese non ten que ser grande, hai, a día de hoxe, xa un velódromo en Porriño co resultado de que esta fin de semana, parécemo, que tiveron alí unha festa popular cun DJ dándolle outros usos. Polo tanto, en consecuencia, creo que as bicis, que anden pola provincia, que coñezan Muíños, que coñezan Oímbra, que coñezan Baltar, que coñezan a nosa natureza. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** si, a mí me hace gracia el desprecio con que nos tratan, pero bueno, las urnas serán quienes pongan a cada uno en su lugar y sobre todo la incongruencia, en este caso, del alcalde de A Veiga. Pedimos una infraestructura interesantísima, que es un velódromo, para Ourense y ellos la desprecian de esa forma, ni siquiera entrando al fondo; pero él, el señor alcalde de A Veiga, acaba de anunciar que van a hacer el primer campo de fútbol - playa del interior de Galicia, una infraestructura deportiva para A Veiga y lo hace feliz y tendrá seguramente ayudas de la Diputación, de la Xunta, lo que sea, y feliz del tema. O sea, para él es una infraestructura de maravilla. A Veiga que tiene 1.000 habitantes, él dice que en verano tiene 10.000, no se lo cree ni él, pero bueno, está claro que A Veiga sube muchísimo en verano, pero 10.000 no se lo cree ni él porque, escucha, si tuviera 10.000, tendría que tener una décima parte de los bares y de los supermercados que tiene Sanxenxo. Sanxenxo tiene 100.000 personas en verano, 100.000 personas en verano y vemos los bares y supermercados que tiene frente a esas 10.000. Si A Veiga tuviera 10.000 como dice él, tendría que tener una décima parte de Sanxenxo porque *senón a xente onde come e onde vai beber?* Bueno, en cualquier caso, él presume y hace esa infraestructura deportiva para A Veiga, pero para los demás no; o sea, consejos tengo, no, no, pero... ¿cómo es eso? *Consejos vendo, pero para mí no tengo.* Eso es mucho morro. Mira, lo que dices de Porriño ya lo hemos tratado mil veces y tal, lo acabo de decir yo aquí. Porriño es un velódromo de 200 y pico metros, el nuestro es un velódromo de 500 metros – el que pretendemos - y Porriño está enfocado para la competición deportiva. Lo he dicho yo aquí



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

antes, son cuatro gatos, son cuatro federados, para eso no queremos el velódromo; tiene que ser un velódromo amateur para ir a rodar. Luego me acaba de decir, *no a xente mellor que ande en bici e que coñeza Oímbra* e tal... bueno, vale e como coñeces Oímbra e a Veiga indo en bici; primero es ya demagogia, es algo como decir tamén correndo, entón que non se fagan pistas de atletismo, pero dicindo iso é como conducen de noite e cando chove os ciclistas Porque isto é para cando chove e para cando é de noite. Cantas veces chove en Ourense? Uns 100 días ao ano, cento e pico. Cando é de noite? A partir das cinco e pico da tarde en inverno. Pois para iso é o velódromo, é unha auténtica infraestrutura que é unha marabilla e que estaría cheo, cheo de persoas que o utilizarían. El otro día ponía un exemplo, una reflexión que hice yo, dije que el alcalde de Vigo gastó un millón de euros en las luces de Navidad y Vigo tuvo repercusión en toda España. Ese señor se gastó, Manuel Baltar, 600.000 € en la exposición de los suevos y Orense tuvo repercusión en el periódico *La Región*. Esa es la diferencia, tener repercusión en toda España o tener repercusión en *La Región*; es en cómo gastamos el dinero. Si nosotros invertimos en un velódromo, tendría repercusión en miles de orensanos que se beneficiarían de él. Nuestro objetivo es utilizar los recursos públicos para hacer a la gente la vida más fácil. A mí esto me recuerda a una frase, ya que Rosendo me metió la fiebre de las citas en este Pleno, que decía que el obstáculo, en este caso, es el camino. Y en este caso el obstáculo es el camino, es una reflexión zen. Vosotros no queréis recorrer el camino, como decía también otra frase que es: *la diferencia entre lo posible y lo imposible es la voluntad*. Vosotros no tenéis voluntad de que Orense prospere. Y no voy a seguir más con citas, sino esto va parecer una casa de citas. Bueno, ¿Qué más? He dicho eso, respecto a dónde estaría ubicado es que realmente alucino, tú eres, *carallo*, licenciado en derecho; el que tiene poca comprensión lectora soy yo, no tú, se supone, y pone aquí lo que nosotros pedimos: llevar a cabo un estudio para determinar la mejor ubicación para un velódromo en Ourense. ¡Hombre! Llevar a cabo un estudio de la mejor ubicación, entendemos que no debería de estar lejos de donde mayor núcleo de población hay. Si no es en el municipio de Orense, hombre, debería estar cerca; no lo vamos a hacer, *carallo*, en Parada do Sil porque se non chegas ata alí reventado, se vas coa bicicleta, se non non ten sentido. Si es para los ciclistas, tendrá que estar cerca del entorno donde más ciclistas hay que es en el entorno de Orense, a lo mejor no tiene que estar en el municipio de Orense, pero obviamente cerca de Orense. En cualquier caso ponemos aquí llevar a cabo un estudio, lo pone la moción. Nos desprecian tanto que ni se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

leyeron la moción. Y luego, proceder de forma inmediata a la construcción y puesta en funcionamiento de dicho velódromo, asumiendo su completa financiación. Esto se lo pedimos a la Xunta de Galicia, que la Xunta de Galicia haga esto. Es algo de deporte que es fundamental para mejorar la calidad de vida de los orensanos, sería único, seríamos realmente pioneros en algo que, estoy seguro, una vez que triunfe en Orense, las demás ciudades nos copiarán. Antes hablaba de Xantar. Fijaos, Xantar no lo hacen en ningún sitio porque en ningún sitio permiten que se haga una feria y que se haga competencia a la hostelería local y entonces decía Rubín, en Xantar, que llevaba ya 20 años y que era un éxito absoluto Xantar. Oye, perdona, si es un éxito absoluto, ¿cómo es que no te lo copian en ninguna provincia? Porque hoy en día lo primero que se hace es copiar lo que funciona bien, es lo primero que se hace, copiar lo que funciona bien. El velódromo, desde luego, funciona en cantidad de sitios europeos y es una maravilla y en España, el velódromo popular que es el que nosotros proponemos; hay uno en la zona de Castilla, creo que lleva el nombre del corredor gallego Freire y no está metido donde haya mucho núcleo de población, y ese es el problema, pero desde luego, si lo metemos cerca de un núcleo de población, como en este caso sería el de Orense, el éxito sería realmente rotundo y seríamos pioneros en algo que vamos a hacer y que esto se demostrará, porque el movimiento se demuestra andando. Es algo de deporte que es fundamental y aunque el deporte no lo es todo en la vida, ¿quién quiere todo?

**D. Adolfo González Nóvoa, portavoz do Grupo Socialista:** si, a ver, a verdade é que non nos achegou nada o propoñente da moción. E xa que se estendeu un pouco, tamén me vou a permitir eu o luxo des estenderme un pouco e tirar do tempo. Vou falar de ciclismo porque os que xa pasamos dos 60 e a andamos moito en bicicleta... eu fixen moitos quilómetros e podo falar da bicicleta de antes e de agora, porque andei e aínda sigo andando, podo falar do deporte do ciclismo bastante, aparte porque me apaixona. Eu non estou en contra de que para Ourense, como para calquera lado, vaian infraestruturas, que veñan investimentos; o que hai que ver é se eses investimentos tamén se se poden executar, se son viables, se non son viables, haberá que dicir...porque tamén podemos pedir agora, eu que sei, un campo de aviación, eu que sei! Ocorrémense varias cousas. Nós pretendemos que, cando se fai algo disto, pois, *bueno*, unha serie de datos que ás veces, claro, esta instalación vai a ser rendible ou non vai a ser rendible porque, claro, unha vez que se faga a instalación, supoñemos que se lle pide á Xunta que faga o investimento en Ourense, pero hai que mantela, esa instalación que vai ter un

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019**

custo porque vaimos ter un custo aos que vaimos a ir, ou vaian a ir alí porque igual pensamos que todo sae gratis e as cousas non son gratis, alguén as ten que pagar e isto sairá dos orzamentos dalgún lado; ben dos orzamentos da Xunta. Aquí dicíanos antes o señor Gonzalo, don Gonzalo Pérez Jácome, que se el era alcalde, co cal é un tema persoal del e do seu grupo que Ourense contará cun velódromo. *Bueno*, se o Concello ten dotación para facelo, pois estupendo. Agora, neste caso estamos falando no eido provincial. Pode ser que nalgúns casos haxa outro tipo de demandas tan importantes ou máis ca estas; porque o que se oferta xerará demanda, nós montamos un velódromo en Ourense e iso logo xerará moita demanda. Pois ás veces os datos son teimudos neste eido. Eu pódolle dicir tamén, con respecto ao tema dos ciclistas. O que temos que ser é todos máis prudentes en estrada, primeiro para empezar, para evitar as mortes que hai; ser máis prudentes en estrada. Temos que respectar cando vamos, sobre todo en coche, porque somos, digamos, máis fortes e, ás veces tamén, cando vamos en bicicleta, tamén nos temos que coidar un pouco que ás veces tamén, tamén.... déixoo aí, porque eu tamén ando en bicicleta. O do velódromo, eu non é que o vexa, nin que o vexa mal no eido persoal, é un pouco monótono, é como facer rodillo na casa. Á xente gústanos saír á estrada, ao monte, ás pistas e ás veces as inclemencias do tempo tampouco nos preocupan moito, se nos temos que mollar, mollámonos, enchémonos de bulleiro e, normalmente, non pasa nada porque nos gusta ir, sempre vas en grupo, vas vendo paisaxes, vas charlando e como tema, incluso, non só de deporte, senón de pasalo ben enténdoo porque o do velódromo non deixa de ir a unha pista, como se vas a un ximnasio, séntaste alí na bicicleta, incluso téñenche xa unha pantalla para que esteas vendo, non sei, unha película, unha carreira de coches, de motos, e estás dando alí pedal que é o mesmo que o que fan, sobre todo a xente que anda máis en bicicleta no inverno, se o día está moi mal, aproveita para facer rodillo na casa. Home, que ten unha instalación cerca, si, podería ir alí e se aparte lle é gratis pois claro, moito mellor. Pero claro, aquí hai uns datos que se dicían, por exemplo deste que se montou no Porriño. En Porriño houbo moita afección ao ciclismo, houbo moita afección, máis que a que hai agora; incluso houbo grandes ciclistas, incluso a nivel internacional. Que si, que ao mellor o velódromo é algo pequeno, segundo as teorías dalgún, pero bueno para rodar e para facer perna igual chega. Aquilo está practicamente abandonado; é dicir está abandonado. Falábase de facer un velódromo aquí na provincia de Ourense, incluso en Ourense, ou cerca de Ourense; pero os de Xinzo, os de Verín se queren vir terán un desprazamento, xa non digo os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

do Barco de Valdeorras. Claro, non é para vir en bicicleta, terían que vir en coche e despois, pois *bueno*, facer bicicleta aquí no velódromo. É dicir que, claro, se nos saíra, así, de regalo; pero isto vai ter un custo aínda que din que o custo é igual que non é moi grande, pero non temos ningún dato. Entón, se nos pasaran ou tiveramos esa información, canto nos pode custar, canto manter, qué oferta vai xerar pois *bueno*, pero é que así vémolos unha proposta un pouco light, un pouco no aire. Pero *bueno*, tampouco queremos obstáculo para que en Ourense non se fagan investimentos e, neste punto, a postura que mantén o Grupo Socialista é, se non temos máis datos, absternos nesta moción. Nunca vamos a dicir que non a que se faga un investimento, pero parécenos un pouco, nun principio, descafeinada. Nada máis, moitas grazas.

**D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular:** moitas grazas. Adolfo, como que algo? Explicou algo? Non explicou nada, de nada de nada; algo, sería ser moi optimista e ti porque es unha persoa moi respectada e respectuosa, e dislle algo. Nada, nin un só dato, nin onde, nin cando, nin de que maneira; nin custes, nin permisos, que facemos? Votamos. Isto propono quen non goberna, isto propono quen non ten claro un proxecto de territorio, isto propono quen non ten nin idea das prioridades dun sitio que se atreve a dicir ata os turistas que van á Veiga, imaxino que os camareiros de cada restaurante tamén os saberás. Xa me pareceu un día estraño que souberas a capacidade que tiñan os turistas de deixar diñeiro en Ourense; pero dándolle unha volta a iso, consegues sorprendeme dicindo canta xente visita á Veiga no mes de agosto; é algo terrible, que ás veces dubido eu mesmo, e ti xa o sabes. Es un avanzado, para o teu tempo es un avanzado; si señor! Despois, collendo algunha outra premisa, es capaz de dicir que creas unha infraestrutura, non en función da demanda; senón que primeiro creas unha infraestrutura e despois dis: bueno, a demanda xa virá, primeiro montamos unha tapería no deserto e despois, a xente que queira comer langostinos, mal será que non pase por aquí algún camelo con algunha persoa e póñase a comer por aquí. É dicir, esas son as túas prioridades. Despois, fai o slogan dicindo, non, non, dinlle que non estes dos PP a que invistan! No, mira, marcamos prioridades, sabemos o que queremos ou por onde vamos. Se souberamos o que é o custo disto; se soubéramos a demanda ou máis ou menos demanda, pois decidiríamos en consecuencia, con datos obxectivos. Adolfo foi moi sensato. Non explicou absolutamente nada. Nós, cando a xente non nos explica nada e nos trae isto absolutamente farragoso..... pero despois, hai outro exemplo, Xantar. Di: *non, Xantar!, cantos xantares hai*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

*por Galicia adiante?, non hai ningún!* Cantos velódromos hai? Ou os exemplos utilizámoslos cando a uns nos interesa e cando non nos interesa non os utilizamos? Esas falsas ou non sei cantas analoxías di que existen... é dicir, non nos tomen o pelo, non poñan en nós palabras que non dicimos, nin razoen por nós, nós sabemos razoar por nós e entendemos que isto, desta maneira, só é algo para a precampaña. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** bueno, total, primero, darle las gracias al BNG por su apoyo tan importante y darle las gracias también a Fraga por todavía no saber qué va a votar, porque, realmente, es curioso que no se pueda saber qué va votar; pero darle las gracias porque se supone que va a votar a favor, aunque es capaz de votar en sintonía con sus antiguos compañeros. Pero, a ver, un detalle muy importante, sobre todo para el alcalde de A Veiga que hoy es el portavoz del PP, todos los argumentos que hoy me acabas de decir a mí, todos *–non se sabe se vai ser rendible, non se sabe o prezo, é unha ocorrencia, hai outras prioridades–* todos esos argumentos eran los mismos que la pista de atletismo de Expourense de pista cubierta. Democracia Orensana trajo aquí la moción, prácticamente igual a esta, y en ningún caso se dijo: *vostede primeiro terá que determinar as prioridades, vostede primeiro terá que dicir se é rendible*. El PSOE no dijo: oiga, ¿y la viabilidad, eso cómo se va a ver?; oiga, ¿y el coste? Usted no me trae aquí el coste. Oiga, señor de A Veiga, cuando traje la pista de atletismo que propusimos para Expourense, la pista cubierta de atletismo, no traje el precio y ustedes votaron a favor y ahora me vienen con el precio. La pista de atletismo de Expourense costó 3 millones de euros. Ustedes ya saben cuánto va a gastar un velódromo, obviamente la pista de atletismo tiene una cuerda de 500 m, el velódromo el doble; pues sabemos que la infraestructura estarán en los 6-7 millones de euros. Desde luego no va a costar las animaladas que ustedes hacen, por ejemplo, no a costar los 100 millones de euros que cuesta la Televisión de Galicia cada año, 100 millones de euros; ni va a costar los 400 de la Ciudad de la Cultura. Entonces, y resulta que están a favor de la pista de atletismo, con los mismos argumentos y aquí no. Esa es la historia. ¿Por qué? Porque ustedes sabían que Feijóo estaba a favor de lo que propuso Democracia Orensana. Entonces, claro, como ustedes obedecen al PP, si mañana dice Feijóo hay que hacer un velódromo en Orense, ustedes automáticamente votan a favor y cambian el argumento. Lo hemos visto con el parque acuático, adoptaron el proyecto como suyo, cuando es una idea de Democracia Orensana. Lo que tiene ustedes es jeta. Mira, esto de aquí es una infraestructura, igual que una

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

piscina. Entonces me están diciendo, ¿oiga, esto va a ser rentable? Vamos a ver, y ¿es rentable el Teatro Principal? El Teatro Principal cuesta un millón de euros al año. Ojo, esto no cuesta un millón de euros al año; esto es una inversión y luego el gasto que tiene es luces y poco más. Me decía aquí Adolfo (¿es Adolfo, no?) que, por cierto, tienes una gran pasión cuando expones las mociones, cuando haya que hacer alguna oratoria en algún entierro te llamaremos; bueno, total, que me estaba diciendo, oye y esto de aquí ¿qué gastos tiene? Oye, ¿pero qué gastos tiene? Los gastos que tiene... ah, me decía que *a xente o que quere e ir coa bici por aí e embarrarse e todo iso. ¡Home claro! Cando pode, pero cando é de noite non se pode. Di é que para iso xa temos o rodillo e a xente vai a bicicletas estáticas.* Pues vamos a ver, imagínate, si la gente llena los gimnasios en bicicletas estáticas o en rodillos en casa, imagínate cuanto más le va a gustar ir rodar; es decir, yo, es mucho más bonito ir rodar a un velódromo que estar en la bicicleta estática, muchísimo más. Me decía que no traigo datos de si esto tiene demanda. ¡Pero vamos a ver, vamos a ver! Si pone aquí: *según el Ministerio Educación, Cultura y Deporte un 38,7% de la población que practica deporte prefiere el ciclismo frente a otras actividades deportivas.* Es decir, si es un deporte mayoritario y la gente en un deporte mayoritario (piensa en este razonamiento), si la gente en un deporte mayoritario no puede practicarlo en invierno, ¡coño!, si le ponemos una infraestructura va a tener éxito. ¡Claro que no es como Xantar! Xantar ya se probó durante 20 años y fue un desastre. Esto no lo hay, este concepto, porque es una idea innovadora de Democracia Ourensana; es decir, un velódromo no para competición del record del minuto y esos rollos, sino un velódromo popular. Es un concepto nuevo, innovador. Y este concepto, una vez que lo instalemos, verás el éxito que tiene. De Xantar ya sabemos que es un fracaso total, ¿por qué? Porque es un gasto anual constante. Si algo es un éxito, se puede financiar por sí mismo. El velódromo no tiene apenas gastos, no hay que financiarlo, solamente lo que es la infraestructura, que sí las infraestructuras son rentables. Me ponías el ejemplo de la tapería del desierto. Vamos a ver, si tú en el desierto pones una tapería tendrás un problema, seguramente, de demanda, de que pasa poca gente; pero te estoy diciendo que hay miles de ciclistas, ¡coño!, ¿cómo que *buf?*, ¿cómo que no hay un número de ciclistas? Hombre, macho, no hay más que ver que en música hay dos tiendas en Orense, o tres, y tiendas de ciclismo pues habrá unas doce, entonces ¡imagínate la demanda que hay! hay muchísimas más tiendas de ciclismo que de instrumentos de música. *Xa che está dicindo un pouco a demanda que hai.* Es decir, si da para que haya doce tiendas de ciclismo,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

¿cómo no va a tener éxito una infraestructura para los ciclistas? ¡Por Dios! Por cierto, todos los argumentos que me decía aquí Adolfo que eran un error para montar esto, de si va a tener..., hay que presentar un estudio de viabilidad o no sé qué ¿no lo presentasteis cuando fue a hacer el módulo de atletismo de los Remedios, que creo que estaba el bipartito el PSOE? Ahí no pusisteis nada de eso, se hizo y punto. ¿Sabes cuánta gente entra en el módulo? No demasiada y yo defiando esa infraestructura. Y soy un pésimo nadador y un pésimo ciclista y defiando estas infraestructuras que no voy a utilizar yo porque creo que son tremendamente útiles. ¿Qué más se puede decir aquí? Pues se puede decir que...nada más. Que voy a acabar, para deciros que yo estoy a favor de esta historia, voy a acabar contando una anécdota de ciclismo porque, aunque yo no hago ciclismo, considero que esto es vital. Yo siempre viví de ilusiones, hacía castillos en el aire y una vez (fue el mejor consejo que me dieron en mi vida) fui a hacer ciclismo con un tío que hoy es concejal, que es Domingo Castro, y entonces el tío me fue a probar (yo tenía 16 años o 17) y él me fue a probar para ver si yo tenía talento para el ciclismo. Entonces, salimos en la carretera de la Derrasa y apareció un camión por allí y el tío se metió al rebufo, Domingo Castro se metió al rebufo del camión y desapareció. Yo intenté seguirlo y fue imposible, *non o volvín ver máis*. Me dio un baño que fue impresionante. Vino por Jolper a la tarde y le dijo mi madre: *que, tereille que comprar outra bici porque é moi mala a que ten ao meu fillo?* Y dice Domingo: *non lle compre nada porque o rapaz non vale para nada*. Y fue el mejor consejo que me dieron en la vida, en ciclismo.

**D. Francisco José Fraga Civeira, deputado non adscrito:** moitas grazas señor presidente. É que como me inquiriu o señor Jácome acerca do meu voto, voullo a aclarar. A verdade é que tiña pensado absterme, pero convenceume o seu argumentario e dado eu temos unha pista cuberta de atletismo en Expourense; pois por qué non un velódromo, e voulle a votar a favor. Isto de ser un só ten algo bo, que pode decidir sobre a marcha, e segundo o que escoita, o que ten que votar. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2), do BNG (1) e do

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

deputado non adscrito (1), o voto en contra do Grupo Popular (13), e a abstención do Grupo Socialista (6).

**13º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-**

O Sr. presidente anuncia que existe unha moción da Presidencia sobre a modificación de créditos do orzamento do Consorcio provincial de incendios para o servizo contra incendios e de salvamento, someténdose a votación a urxencia, que é declarada por unanimidade dos membros presentes da Corporación.

**13º A.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS (CE E SC 1/2019) DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE INCENDIOS PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. interventora para que lle dea lectura á moción da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** si, moitas grazas, señor presidente. Simplemente para recordar que hai uns meses aprobamos o orzamento da Deputación onde se facía, por parte desta Institución, unha achega de 1 millón catrocentos e pico mil euros ao Consorcio provincial e, *bueno*, non pasaron aínda catro meses e hai que facer unha modificación de 448.000€ para comprar, basicamente, vehículos. Nós votamos en contra do orzamento no seu día, polo que loxicamente, en congruencia, temos que votar tamén en contra desta modificación. Ademais volvemos a lembrar que estamos totalmente en contra do modelo co que se xestiona o Consorcio. Nada máis, moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Este é un expediente de modificación de crédito conforme á legalidade, por suposto, inclúe un suplemento de crédito de 322.500 € para dous vehículos de emerxencia e un proxecto para aparcamento; un crédito extraordinario de 126.260 € para construír tamén un aparcamento e a adquisición de equipos informáticos que dean acceso ao 112. Pero señor presidente, estamos en febreiro; parece que a previsión tanto do equipo de goberno, como dos que dirixen o Consorcio de incendios non foi moi acertada. É dicir, 40 e poucos días despois da entrada en vigor dos orzamentos xa temos a primeira modificación encima da mesa. Parece que o señor Pablo Pérez anda a outras cousas e ten moitas cousas que atender;



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

non sei se será así. En todo caso, nós como tampouco votamos a favor, dicir que neste caso vamos a optar pola abstención.

**D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular:** *bueno*, moitas grazas. Intervención de don Ramiro, era a esperable; pero *bueno*, segue vostede sen entender nada, paso como o que lle pasou cos cans, non as ve, pero *bueno*, é igual obviámolo. Dona Elvira, esta modificación orzamentaria vén cando ten que vir; entón parece que eu ando ao meu, aquí cada un anda ao seu, menos eu que ando ao meu. Vale. Vén cando ten que vir. Mire, voulle a dicir unha cousa, o outro día cando tivemos o Pleno e estaba, por suposto, alí un representante da oposición, don Francisco Fraga Civeira, que creo recordar que votou a favor, mire, estaban os representantes dos sindicatos – dous representantes da CIG e un da UXT - polo tema que levamos alí dos bombeiros. Cando acabamos o Pleno e votamos a modificación orzamentaria a favor, viñeron onda min – eu que ando a moitas cousas - e felicítáronme e dixo: *Carallo, gastades todo o remanente, todo o de Unespa* (porque isto é polo de Unespa, cómprello dicir que é polo do convenio que temos co tema da mutua de seguros, polo de Unespa), dixo: *gastades todo en investimento, non pasa así nas outras provincias. Nas outras tres provincias gastan o convenio de Unespa en gasto corrente e vós gastádelo en investimento*. E eu díxenlle: *claro, evidentemente porque nós sabemos que temos que seguir investindo nos parques*. E non me veña vostede agora co *cuento* de que investimos na empresa privada, non. Quen se vai a beneficiar destes investimentos? Quen? Os veciños. Canto menos, mellor, se Deus quere, evidentemente que haxa menos accidentes e menos intervencións; pero canda haxa unha intervención ningún habitante, do que pertenza o Consorcio provincial de incendios, vai ter un camiión en mal estado ou un material que non estea actualizado. Aínda máis lles digo, todo o material que se se está comprando aquí e todos os investimentos que se están facendo son conveniados cos propios bombeiros. Si vostede non sabe, explícollo, e senón a próxima vez invítoe ao Pleno e senón chame aos seus compañeiros da CIG, un de aquí de Ourense, e pregúntelle a ver por qué nos felicitaron por iso. Nada máis que dicir. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** si, grazas señor presidente. Eu non sei que é o que non entendo. Ao mellor o que non entende é vostede, a miña intervención. Eu dixen, a ver, que dixen que non estea totalmente axustado á realidade? Fai uns meses aprobamos o orzamento do Consorcio e agora estamos diante

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

dunha modificación de crédito. Dixen algo que non estea axustado á realidade? Que é o que non entendo? O que non entende é vostede, paréceme a min. Con respecto ao que me di, pois si, paréceme moi ben; pero nós estamos en contra dese tipo de xestión, nós defendemos outro tipo de modelo. E con ese outro tipo de modelo tamén se podería dar o servizo que están dando vostedes con este modelo. Nós estamos e apostamos por un modelo de xestión público e directo en todos os servizos que son esenciais e este é un deles. Entón non me veña con iso de que non entendo porque si entendo, entendo perfectamente e ao mellor o que ten problemas de comprensión lectora é vostede. Nada máis. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** efectivamente, para non ser reiterativos, señor Pablo Pérez, paréceme que aquí leccións de entendemento e de comprensión sobran. Todos somos consecuentes e, se votamos en contra dos orzamentos desta casa, loxicamente onde ían os orzamentos do Consorcio, neste caso vamos a optar pola abstención, dado que, como vostede di, vanse a facer investimentos. Dito doutra maneira, nós defendemos, ao igual que acaba de referirse o portavoz do BNG, os servizos públicos, a xestión pública e vostedes non o están a cumprir. Polo tanto, neste caso, vamos a optar pola abstención e non nos diga que non entendemos porque, efectivamente, si entendemos. Con respecto ao representante que acudiu ao anterior plenario, dicirlle que, *bueno*, esta portavoz non tivo coñecemento desa asistencia. De momento nada máis e moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular:** para rematar. Eu non lle dixen a vostede que non entendera, vostede entende ben; quen non entende é o Ramiro. Grazas. Sen nada máis, moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, deputado non adscrito:** señor presidente, moitas grazas. Eu votarei a favor, votei en contra da totalidade dos orzamentos desta Deputación que, ademais do Consorcio, inclúen tamén os do INORDE; pero neste caso trátase dunha modificación orzamentaria que supón a compra de dous furgóns –un para o parque de Verín e outro para o da Limia- e unhas melloras importantes no Parque de Bombeiros de Carballiño. Dende logo o meu voto neste caso dadas as melloras, non vai a ser en contra desta cuestión. Moitas grazas, votarei a favor.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e do deputado non adscrito (1), o voto en contra do BNG (1), e a abstención do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento (SC e CE 1/2019) do Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
136/62400	Servizo de prevención e extinción de incendios. Elementos de transporte	320.000,00

SUPLEMENTOS DE CREDITO. GASTOS CORRENTES

136/22799	Servizo de prevención e extinción de incendios. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	2.500,00
-----------	---	----------

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
136/62200	Servizo de prevención e extinción de incendios. Edificios e outras construcións.	46.000,00

CREDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
136/21700	Servizo de prevención e extinción de incendios. Equipos para procesos de información	8.000,00
136/21900	Servizo de prevención e extinción de incendios. Outro inmovilizado material	72.260,00

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

## RESUMO

Suma suplementos de crédito .....	322.500,00 €
Suma créditos extraordinarios .....	126.260,00 €

## RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 87000 para financiar gastos xerais	448.760,00 €
--	--------------

A continuación detállase o destino dos gastos desta modificación orzamentaria.

Con cargo á aplicación orzamentaria 136/62400 Servizo de prevención e extinción de incendios. Elementos de transporte.

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/62400	Compra 2 vehículos furgóns de Intervención (F.S.V)	320.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 136/62200 Servizo de prevención e extinción de incendios. Edificios e outras construcións.

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/62200	Construción de aparcamento dotado de estrutura metálica e reubicación de muro peche perimetral con acceso a vía pública	46.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 136/21700 Servizo de prevención e extinción de incendios. Equipos para procesos de información.

Aplicación	Descrición	Importe
------------	------------	---------

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

Orzamentaria		
136/21700	5 equipos informáticos completos	8.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 136/21900 Servizo de prevención e extinción de incendios. Outro inmovilizado material.

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/21900	Material diverso para uso en intervencións en emerxencias nos catro Parques	72.260,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 136/22799 Servizo de prevención e extinción de incendios. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/22799	Proxectos, licenzas e permisos	2.500,00 €

SEGUNDO: Consonte co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**13º B.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A RETIRADA DE HONRAS, CONDECORACIÓNS E RECOÑECEMENTOS A PERSOAS CONDENADAS POR SENTENZA FIRME.-**

Neste punto pide a palabra a voceira do Grupo Socialista, dona Elvira Lama Fernández, para pedir que sexa tratada como moción de urxencia a dita moción.

**D.ª Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** por unha cuestión de orde, parécemo, que se se salta aí o punto número 11 que son mocións de urxencia; nós temos unha moción de urxencia, se ten a ben... A moción trátase dunha moción que foi

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

rexistrada o día 8 de febreiro ás 13:32 que se dixo que o venres era o último día para presentar esas mocións e parece ser que, *bueno*, non foi admitida nas comisións dos mércores, que en principio entrou en prazo, en tempo e forma, porque non hai ningunha norma escrita que sinale a hora determinada, como tampouco hai unha hora para conformar a orde do día das comisións, simplemente o mércores para que entren para o venres seguinte e incluso o luns para que entren para o xoves. Dito isto, nada indica que este tema que é unha moción sobre a retirada de honras, condecoracións e recoñecementos a persoas condenadas (déixeme falar, non vou a entrar no contido, de momento), a moción versa sobre retirada de honras, condecoracións e recoñecementos a persoas condenadas por sentenza firme. E digo isto porque esta moción ben podía ter sido tratada na comisión de Cultura que é onde se tratan os temas de memoria histórica. Polo tanto, parécenos que ten sido un erro maiúsculo por parte da Presidencia non tratar este tema nas comisións correspondentes; puido ser na do mércores, pero tamén puido ser na do xoves de Cultura. Consideramos que se está privando a este Grupo dun dereito de facer propostas e tomar acordos e estaríase atacando un dereito constitucional dos cargos públicos; xa que se estaría facendo, sen fundamento, e tan só pola teimosía de non querer falar do asunto. Entón eu prégoles que voten á favor da urxencia e tratamos a moción. De momento nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Non tiña pensado falar hoxe por culpa do dedo, como din, pero *bueno*, terei que dicir algo. Bos días a todos e a todas e vou a ser moi breve porque a cousa non dá para máis. Simplemente, señora Lama, con todos os respectos, con todos os respectos, eu creo que ata vostede está de acordo en que non recoñezamos a urxencia; outra cousa é que o guión lle diga que ten que ser así, non? Mire vostede, mire, cuestión formal, o que acaba de dicir, home, vaime a permitir que diga a expresión, con todos os respectos; pero é unha auténtica tontería. É dicir, cando termina o prazo para presentar as mocións, na mesma hora de marcharse o persoal da Deputación? Porque isto foi presentado unha hora menos antes de rematar a xornada laboral e voulle a dicir unha cousa. Oito deputados, bueno agora sete, pero oito deputados e tres técnicos administrativos a servizo de vostedes no Grupo, sufragados con fondos desta Deputación e que non sexan capaces vostedes de ter os deberes feitos. Home!

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

Permítame que os cidadáns llo teñan en conta, que fan, que fan? Logo de contido, de contido, *Válgame Dios*, de contido!. Despois de non sei cantos anos - porque isto non ten nome, pero vostede encargouse de pórlo - despois de tantos anos que concellos desta provincia, dentro da súa autonomía municipal recoñecida pola Constitución, que tanto falamos dela, e democraticamente, acordaron dedicarlle algo a José Luís Baltar Pumar, alí señora Lama, alí é onde teñen que acordar retirarlle ou non. E logo, se lle preocupa o cadro que anda neste pasillo, por Dios! tamén tiveron tempo vostede de dicírnolo antes e, ademais, méreceno como todos estes que están aquí. O que pasa é que lle teñen un pouquiño de non sei qué, non sei qué, porque claro, tantas maiorías absolutas –creo que seis ou sete - onde arrasou completamente, que o seguimos facendo, pero el arrasou sempre totalmente nas eleccións, por algo sería, señora Lama, por algo sería! Polo tanto, nós totalmente de acordo que estea o cadro onde e está e respecto máximo á autonomía municipal dos concellos onde alí acordaron dedicarlle unha calle, un espazo público ou o que consideraron conveniente. Polo tanto a urxencia que trae aquí eu só a podo ver dende esa carreira apresurada, eu diría que case desbocada, de vostede no ánimo de facer méritos; pois non sei, para potenciar a súa imaxe alá onde pretende ser alcaldesa e incluso para facer méritos e no próximo mandato estar aquí, que o decidirán democraticamente no seu partido. Iso enténdoo. Polo tanto, polo tanto, mire vostede, no pleno anterior a súa proposta *estrella* era unha rúa en Beade e nesta é retirar un cadro ou non sei qué rúa nun concello determinado. A verdade é que me teño que sentir orgulloso, escoitar a vostede as súas propostas, si que me sinto especialmente orgulloso do traballo do meu Grupo e do meu presidente porque, se as propostas de goberno para esta provincia do Grupo Socialista, da man da súa voceira, son esas, esta provincia non ten problemas. Polo tanto remato, remato, co frase do meu compañeiro e amigo don Rosendo que dixo –a ver se non me esquezo- *o traballo inútil conduce á melancolía*. Moitas grazas

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** as observacións que acaba de facer o señor Plácido sobre a idoneidade ou non das propostas que fai esta voceira e das aspiracións que poida ter son opinións persoais subxectivas que ten vostede. A intención desta moción é debater se as institucións merecen que se lle saque o pulo e se lle manteña o brillo, como por certo vostedes predicán no seu Código Ético que di que *ten por obxecto regular as normas éticas de referencia dos cargos electos, o persoal ao servizo da*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

*Administración provincial e procurar un comportamento profesional ético e responsable; contribuíndo deste xeito a reforzar á aposta pola calidade democrática e a rexeneración do sistema institucional establecendo mecanismos para incentivar o seu cumprimento.* En definitiva, señor Plácido, non lle é ningunha ocorrencia porque o están a facer noutras administracións, por España a diante; por certo, afectados por temas de sentenzas e de condenas en firme. En definitiva configurar unha ética pública común que evite a mala xestión e serva para xeneralizar as boas prácticas. Mire, eu non lle teño culpa de que o señor presidente sexa fillo de quen é. Eu non lle teño culpa de que o anterior presidente tivera que marchar para casa inhabilitado, por certo, por condena firme, por 104 contratos de traballo para que o fillo estea sentado onde está. Eu non lle teño culpa de que outros alcaldes do Partido Popular....

**Sr. Presidente:** señora Lama, está vostede entrado no fondo da moción. Non, perdoe, hai unha norma esencial que no debate non hai alusións. Vostede falou como voceiro do seu Grupo e el falou como voceiro do seu Grupo.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** non, presidente déixeme terminar. Non, non, non fago máis alusións...

**Sr. Presidente:** vostede só ten que dicir isto é urxente; xa o dixo unha vez e agora pronúnciase.....

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** simplemente digo que eu non teño culpa de a quen condenen por sentenza firme. Por certo, señor Plácido, vostede di neste salón moitas veces que que lle vamos a facer, vostedes gobernan moitos concellos. Pois mire, se vostedes gobernan moitos concellos, o cálculo de probabilidades tamén dirá que terán máis corruptos e condenados por sentenza firme. Polo tanto, é o que hai.

**Sr. Presidente:** moitas grazas. Moitas grazas por outra lección de respecto, e volvo a repetir a palabra que lle repetín no anterior pleno, institucional.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a urxencia da moción que é rexeitada co voto en contra do Grupo Popular (13), e o voto a favor do Grupo Socialista (6), de Democracia Ourenzana (2), do BNG (1) e do deputado non adscrito (1).

**14º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de xaneiro de 2019 e dos seguintes adicionais: 3º de outubro e 1º de decembro de 2018.

Os membros da Corporación quedan informados.

**15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, do BNG:** moitas grazas, Sr. presidente, teño un rogo, pero en primeiro lugar aclarar, se mo permite, que nós votamos a favor da urxencia porque nós votamos sistematicamente a favor de todas as urxencias sen entrar a valorar o que é a propia moción, simplemente quero que quede isto claro.

Con respecto a este apartado, eu teño unha pregunta que é que gustaríanos que nos fixeran chegar unha relación de todas as demandas de responsabilidade patrimonial que hai presentadas contra a Deputación e que recolla datos como os motivos, as datas e os lugares que orixinan a súa presentación. Nada máis, moitas grazas.

**O Sr. presidente:** me pregunta o Sr. secretario se a súa petición se refire ás presentadas, as resoltas, concrete un pouco máis a súa petición.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, do BNG:** todas, con indicación tamén da situación na que se atopan, desde o inicio deste mandato.

**Don Francisco José Fraga Civeira, deputado non adscrito:** eu, simplemente, facer unha lembranza, que fai hoxe oitenta anos que falecía no exilio Antonio Machado, e eu quixera rematar, co seu permiso, xa que estamos hoxe nunha hora razoable, cun breve poema del, moi acaído agora e sempre, de *Proverbios e Cantares de Campos de Castilla*, que ven dicindo así:

*Caminante, son tus huellas  
el camino, y nada más;  
caminante, no hay camino,  
se hace camino al andar.  
Al andar se hace camino,*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

*y al volver la vista atrás  
se ve la senda que nunca  
se ha de volver a pisar.  
Caminante, no hay camino,  
sino estelas en la mar.*

Sirva isto de lembranza para este pasamento. Moitas grazas.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, de Democracia Ourensana:** yo tengo dos preguntas. Sale una información, la misma, en el periódico *La Región* y en *La Voz de Galicia*, y son un poco contradictorias, y era por si me lo podía aclarar el presidente de la Diputación y también del Partido Popular en Ourense, el gran José Manuel Baltar. La noticia en *La Región* dice así: “*Dirigentes del Partido Popular ven un estímulo en la incorporación de Santiago Rodríguez como número dos del PP*”; y *La Voz de Galicia* dice: “*Estupor en el PP ante el fichaje del secretario general de las Juventudes Socialistas Santiago Rodríguez*”. ¿Qué periódico está en la verdad?

**O Sr. presidente:** direillo ao presidente do Partido Popular para que lle responda.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, de Democracia Ourensana:** ¿pero no es usted?

**O Sr. presidente:** algunha cuestión máis?

**Don Gonzalo Pérez Jácome, de Democracia Ourensana:** ¿no es usted el presidente del Partido Popular?

**O Sr. presidente:** que máis quere preguntar?

**Don Gonzalo Pérez Jácome, de Democracia Ourensana:** Gracias Sr. Baltar. La otra pregunta que le quiero hacer es muy importante y es ésta, esta persona, Santiago Rodríguez del Partido Popular, está acusado de haber entrado haciendo allanamiento en el Colegio Franciscanas para repartir condones en el año noventa y pico, y esa es la persona que han fichado ¿no?, y mi pregunta es ¿con esto lo que buscan es apuntalar el voto católico del PP?

**O Sr. presidente:** algunha outra pregunta máis?

**Don Gonzalo Pérez Jácome, de Democracia Ourensana:** ¿no me va a contestar? ¿podría decirme si me va a contestar o no?

**O Sr. presidente:** xa está contestada.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, de Democracia Ourensana:** me tiene que decir, el reglamento no dice eso, me tiene que contestar ...

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

**O Sr. presidente:** tiene la palabra el Grupo Socialista.

**Don José Ignacio Gómez Pérez:** Sr. presidente teño un rogo e unha pregunta. Con respecto á pregunta quería saber, pois vostede anunciou e consta nas propias declaracións públicas que se fixeron no seu momento, que esta Deputación ía axudar ao Concello de Parada do Sil a pagar un crédito ou a amortizar un crédito para un proxecto interesante no rural como era a rehabilitación de vivendas no propio rural e quería saber, porque que teña constancia non está recollido nos propios orzamentos, se iso se vai acometer ou non se vai acometer, porque é un compromiso de vostede coa Corporación e co Concello de Parada do Sil, non vaia ser que vaíamos a levarnos unha sorpresa tamén nese eido nalgún mes posterior, e queira vostede anunciálo despois, pero si me pode contestar agradeceríallo. Aquí ultimamente se fala moito das cociñas que se fan e de cousas, eu lle diría que na páxina institucional, pois no que fan os medios vostede en teoría non inflúe, en teoría, logo na práctica xa sabemos que non debe ser así; digo isto porque as páxinas da propia institución non sexan unhas páxinas onde só se fai labor partidista, e que teñan un pouco máis de rigor porque poñer que neste foro mundial que se celebra na súa 14ª edición, falo de: “*Manuel Baltar destaca en la Cumbre Mundial de Comunicación Política*”, sempre son cumbres espectaculares, 2.500 asistentes fala aquí, e a fotografía non se corresponde para nada cos 2.500 asistentes que vostede alardea, vostede quere enganar sempre a cidadanía, pídlle un pouquiño máis de rigor polo menos na páxina institucional, fágollo como un rogo; e se me quere contestar á pregunta pois agradeceríallo.

**O Sr. presidente:** tomo nota e contéstolle por escrito.

**Dona Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista:** dúas cuestións Sr. presidente. Primeira, con data 6 de febreiro o Grupo Socialista presentou un escrito reclamando diversa información, que xa fora anunciada e nos ían facer chegar sobre diversos asuntos despois de demandalo reiterativamente en comisións informativas e tamén no Pleno, se quere repasamos, sobre o Museo dos Bolechas, sobre o Museo da Emigración, sobre o traslado e reforma da biblioteca, sobre os criterios e decisións de acometer actuacións nos campos de fútbol da provincia con herba artificial, sobre a execución do acordo da rede de albergues, sobre a execución do acordo que tomamos neste plenario de melloras na atención primaria desta provincia sobre os proxectos solicitados en execución de emprego xuvenil, sobre os custes e as persoas que foron a FITUR 2019, sobre a posta en marcha do Museo do Viño; cando imos ter esa información solicitada e comprometida nalgún caso fai varios meses, Sr. presidente?

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

Por outro lado, tamén foi presentado un escrito coa pregunta sobre os reparos feitos pola Intervención desta casa, que se presentou o 3 de xaneiro, a iso respondeuse o día 18 que non existen acordos contrarios aos reparos efectuados pola Intervención. Cando pedimos copia dos reparos efectuados, que foi o 29 de xaneiro, se nos entrega e se nos responde que durante os anos 2016, 2017, 2018 e o que vai do 2019 non se efectuou ningún reparo que suspendera a tramitación dos expedientes. Sr. presidente queremos copia dos reparos feitos pola Intervención e nós decidiremos despois o que nos conveña, se os vemos adecuados, se non os vemos adecuados; queremos esa información e polo tanto, vostede que presume de transparente me parece que non terá ningún impedimento para facérnola chegar. Isto con respecto a cousas que foron formuladas e non respondidas.

Tamén pedimos información sobre o custo do acordo coa IBS, Internacional Business School, que ten un nome tan rimbombante, aínda que eu non son de inglés, son de francés, que serviu para que o presidente se fose a Madrid a quitar unha foto co Sr. Campo Vidal, non sei se as fotos do Sr. presidente nos van saír aínda máis caras, e vostede respondeu que non existe convenio ningún asinado con esa institución, pois xa ten bastante *guasa* que vostede vaia falar de reto demográfico, de que esta provincia practicamente está despoboadada, si é certo que desde que vostedes gobernan esta institución, a familia Baltar me refiro, perdemos 70.000 habitantes por falta de oportunidades para os nosos mozos e mozas aquí nesta provincia, e pensamos que ese escenario que lle brinda tan amablemente o Sr. Campo Vidal non vai a ser gratis, polo tanto preguntamos en plenario, canto custou, canto nos vai custar as actividades con esa entidade, xa sexa a través dun convenio, dunha factura ou se ten algo asinado; daquelas, cando dixo nesa páxina de novas desta casa que había un acordo con esa institución, entón, non hai tal acordo?, como é isto?, hai acordo?, non hai acordo?, hai convenio?, non hai convenio?, aclare este tema.

**O Sr. presidente:** moitas grazas, grazas por dicir que lle contestamos a todas as cuestións que formulou, tanto aos reparos, á Internacional Business School, como ás outras historias, recoñeceu que lle contestara esta Deputación, que non é porque o diga eu que sexamos a máis transparente ou porque vostede diga que non o somos, e que o din os dous rankings que actualmente hai en España sobre os gobernos provinciais, cuestión da que me sinto absolutamente orgulloso. Están contestadas, vostede quere ir máis alá, se non hai reparos non lle podemos dar as copias dos reparos, creo que isto é bastante fácil de entender; e con

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2019</b>
--

relación á colaboración coa Internacional Business School, en relación coa Cátedra do Reto Demográfico, dicir que por suposto que hai acordo de colaboración, que de momento non é de carácter económico e nesa andaina estamos con outros presidentes de deputacións que seguro que vostede coñece perfectamente, Miguel Gracia, presidente da Deputación de Huesca, Francisco Reyes, presidente da Deputación de Xaén, estamos na mesma dinámica de colaborar, tamén eles tiveron protagonismo, na xuntanza miña estivo Isaura Leal, a comisionada do Reto Demográfico e trátase dunha iniciativa da sociedade civil que conta precisamente co apoio dos gobernos provinciais de todo signo, é un apoio de impulso de promover unha plataforma para falar deste reto demográfico, por certo na xuntanza á que tiven a honra de asistir constituíuse a Asociación Nacional de Xornalistas do Medio Rural, que é unha nova importante que amosaron tamén a súa disposición a colaborar e a formar parte do futuro observatorio do medio rural que terá a capitalidade nesta provincia de Ourense e que creo que vai ser un observatorio referente a nivel nacional pois é unha nova que debería de alegrarnos a todos, pero a miña labor é traballar e gobernar, facer este tipo de actuacións, estou absolutamente orgulloso de todas elas e o afán de colaborar e falar de colaboración público-privada tamén é unha prioridade para este goberno provincial.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

E, ás 13.50 horas do día 22 de febreiro de 2019, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**